



# Programación Xeral Anual

CEIP de Atín - Cela  
2022-23

## ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN .....	4
2.	PLAN DE ACTUACIÓN: OBXECTIVOS E MEDIDAS E RECURSOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN.....	5
	PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.....	5
	PLAN DE ACTUACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR.....	6
	PLAN DE ACTUACIÓN DO CLAUSTRO.....	7
	PLAN DE ACTUACIÓN DOS EQUIPOS DE CICLO.....	7
	PLAN DE ACTUACIÓN DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA	8
	PLAN DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	9
	PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	10
	PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DE PLAN DIXITAL .....	11
	PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	12
	PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.....	13
	PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E INSTALACIÓNS.....	17
3.	PROGRAMAS ESPECÍFICOS A DESENVOLVER NO CURSO ACTUAL .....	17
	SECCIÓN BILINGÜE EN LINGUA INGLESA .....	17
	CONTRATOS - PROGRAMA RECUPÉRA-T .....	17
	PROGRAMAS COORDINADOS POLO D.O.....	17
4.	CALENDARIO DE REUNIÓNS.....	18
5.	CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA .....	18
6.	XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO COLEXIO .....	18
7.	QUENDAS DE VIXILANCIA .....	18
	VIXILANCIA DO ALUMNADO QUE UTILIZA O TRANSPORTE ESCOLAR..	18
	VIXILANCIA DO ALUMNADO DURANTE O RECREO.....	19
	VIXILANCIA DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	19
8.	CALENDARIO ESCOLAR.....	20
9.	PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	20
	CONMEMORACIÓNS, FESTAS E FESTIVAIS .....	20
	SAÍDAS ESCOLARES E OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS .....	20
	TAREFAS EXTRAESCOLARES. PAUTAS XERAIS .....	21
10.	PLAN DE ACTIVIDADES XESTIONADAS POLA ANPA .....	21

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES .....	21
COMEDOR ESCOLAR E PLAN MADRUGA .....	22
11. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS .....	22
12. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR .....	23
13. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES .....	23
14. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO .....	23
15. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ACNEAE .....	23
MEDIDAS ORDINARIAS: .....	24
MEDIDAS EXTRAORDINARIAS: .....	25
CRITERIOS DE UTILIZACIÓN DOS SERVICIOS DE APOIO: .....	26
16. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO .....	27
17. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE .....	27
18. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN .....	28
19. PROXECTO DE ORZAMENTO .....	28
20. ÍNDICE DE ANEXOS .....	29
ANEXO 1: CALENDARIO DE REUNIÓNS TARDES DOS MARTES .....	29
ANEXO 2: CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA .....	29
ANEXO 3: CALENDARIO ESCOLAR .....	29
ANEXO 4: LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO .....	29
ANEXO 5: PROPOSTA DE MELLORA, QUEIXA OU RECLAMACIÓN .....	29
ANEXO 6: PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN .....	29
ANEXO 7: PLAN DE ORIENTACIÓN .....	29
ANEXO 8: PLAN DE IGUALDADE .....	29
ANEXO 9: PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	29
ANEXO 10: PLAN DE APOIO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓE LIGUAXE .....	29
ANEXO 11: PLAN ANUAL DE LECTURA .....	29
ANEXO 12: ATINANDO RECORDOS .....	29
21. FE DE ERRATAS	
22. ACTAS DO CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR	

## **1. INTRODUCCIÓN**

A Programación Xeral Anual ( PXA) a elabora o Equipo Directivo con todas ás achegas dos diferentes ciclos e equipos de dinamización.

Por mor das obras tivemos un comezo de curso escolar un tanto apurado pero ao fin púidose arrincar con normalidade.

A Covid tamén está nun período de pouca incidencia co cal a vida diaria do centro vese moi favorecida, permitindo a convivencia en recreos, actividades conxuntas, ... que todos e todas botabamos en falta.

Esperamos que o curso se desenrole sen contratempos ou que sexan salvables e ao remate avaliaremos mediante a Memoria Final o transcurso do ano académico.

Moita saúde e ánimo para todas e todos e sabede que co voso gran esforzo e dedicación facemos crecer ao noso centro.

## 2. PLAN DE ACTUACIÓN: OBXECTIVOS E MEDIDAS E RECURSOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN

PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO	
OBXECTIVOS	MEDIDAS E RECURSOS
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Por en marcha actividades e elementos organizativos que impulsen a participación dos diversos colectivos da comunidade educativa na vida do Centro</li> <li>2. Xestionar os recursos humanos e materiais para proporcionar un servizo educativo eficiente e axustada ás demandas sociais.</li> <li>3. Atender ao alumnado e as súas familias, ofrecendo servizo, información e respondendo ás súas demandas do mellor modo posible.</li> <li>4. Impulsar a posta en marcha de programas, actividades, proxectos que melloren o funcionamento do centro en relación ao servizo que ofrecemos.</li> <li>5. Dinamizar a atención á diversidade dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.</li> <li>6. Redistribuír a carga de traballo burocrático para que as tarefas de carácter pedagóxico e organizativo poidan ser mellor atendidas.</li> <li>7. Aumentar a frecuencia de reunións cos representantes da Comunidade: Concello e Comisión Permanente do Consello Escolar.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alentando a participación efectiva das familias e o profesorado.</li> <li>• Aportando a documentación necesaria para que os membros dos diversos órganos colexiados teñan elementos para a deliberación con antelación suficiente.</li> <li>• Dando a oportunidade aos diferentes membros da comunidade educativa de participar na elaboración dos diversos documentos de organización e xestión (Programacións, PXA, Memorias, Proxectos...)</li> <li>• Propiciando a oportunidade para facer aportacións efectivas ao deseño das actividades que se realizan no Centro.</li> <li>• Pondo en marcha plans de mellora para favorecer as aprendizaxes do alumnado que máis o precisa.</li> <li>• Favorecendo a participación do profesorado en proxectos e programas de innovación, investigación e actividades de formación.</li> <li>• Promovendo o Plan de atención á diversidade: difusión, aplicación, seguimento e avaliación.</li> <li>• Favorecendo a detección das necesidades do alumnado de forma sistemática e planificada, cos distintos profesionais implicados.</li> <li>• Reasignando tarefas concretas entre os compoñentes do Equipo Directivo.</li> <li>• Establecendo un calendario de reunións de carácter formal coa Comisión Permanente e Concello.</li> </ul>

## PLAN DE ACTUACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

OBXECTIVOS	MEDIDAS E RECURSOS
<ol style="list-style-type: none"><li>1. Revisar e, no seu caso, aprobar a PXA nos aspectos que lle corresponde e informar na Memoria de fin de curso.</li><li>2. Considerar aprobar a programación de actividades complementarias e extraescolares e a participación nas actividades na que sexa prescriptiva a súa autorización.</li><li>3. Analizar e valorar o funcionamento xeral do Centro informando a Memoria de fin de Curso.</li><li>4. Analizar e valorar o rendemento escolar e os resultados da avaliación que do Centro realice á Administración educativa.</li><li>5. Colaborar no seguimento das obras de mantemento e mellora do Centro. (Comisión permanente).</li><li>6. Someter a aprobación o proxecto de orzamento e rendición de contas anuais (Comisión económica).</li><li>7. Manter un calendario de reunión formal co Equipo Directivo (Comisión Permanente).</li></ol>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Asistencia ás reunións convocadas tendo coñecemento dos asuntos a tratar.</li><li>• Requirimento ao Concello e a Delegación Territorial para a posta en marcha das medidas necesarias para levar a cabo as diferentes obras.</li><li>• Seguimento das obras pola Comisión Permanente do CE.</li><li>• Elaboración e divulgación da documentación nos prazos estipulados para que os diversos compoñentes dos organismo teñan coñecemento dos temas a tratar.</li><li>• Levantar acta dos asuntos tratados na reunión.</li></ul>

### PLAN DE ACTUACIÓN DO CLAUSTRO

OBXECTIVOS	MEDIDAS E RECURSOS
<ol style="list-style-type: none"><li>1. Participar na elaboración dos aspectos que lle competen da PXA e, se é o caso, aprobalos.</li><li>2. Participar na posta en marcha dos diversos programas impulsados desde o DO.</li><li>3. Aportar ideas e iniciativas relativas á elaboración do Plan Lector, Proxecto Lingüístico de Centro, Plan de Convivencia e Plan Dixital segundo a estratexia de traballo que se marque.</li><li>4. Analizar e valorar o rendemento escolar segundo o resultado da avaliacións internas e externas.</li><li>5. Avaliar o funcionamento do Centro mediante os instrumentos propostos.</li><li>6. Valorar e informar a Memoria de fin de curso.</li></ol>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Realización das reunión necesarias para levar a termo o traballo.</li><li>• Potenciar o debate e o aporte de ideas na elaboración da PXA (Reunións de ciclo, DO, CCP e niveis).</li><li>• Impulsar as tarefas concretas no seo dos Equipos de Dinamización (Plan dixital, Biblioteca e Lingua Galega).</li><li>• Levantar acta dos asuntos tratados na reunión.</li></ul>

### PLAN DE ACTUACIÓN DOS EQUIPOS DE CICLO

OBXECTIVOS	MEDIDAS E RECURSOS
<ol style="list-style-type: none"><li>1. Formular propostas relativas á elaboración da PXA.</li><li>2. Formular proposta relativas á elaboración do Proxecto Lector, P. Lingüístico, Plan Anual de Lectura e Plan Dixital.</li><li>3. Decidir a participación nas actividades complementarias e avaliar as mesmas.</li><li>4. Elaborar as programacións de área segundo as directrices formuladas desde Inspección.</li><li>5. Realización das reunión necesarias para levar termo o traballo.</li><li>6. Transmitir cumpridamente a información aos ciclos desde os diferentes equipos de dinamización.</li><li>7. Dinamizar os asuntos concretos a tratar respondendo ás demandas dos Equipos de Dinamización, DO e/ou CCP.</li></ol>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Transmitir ao equipo directivo propostas concretas a incluír na PXA.</li><li>• Colaborar na elaboración dos proxectos e plans (lingüístico, lector,...) facendo aportacións concretas.</li><li>• Favorecer o intercambio de información entre os equipos de dinamización e todos os membros do equipo de ciclo.</li><li>• Colaborar na posta en marcha de proxectos e iniciativas promovidas polos Equipos de Dinamización, DO e CCP.</li></ul>

8. Levantar acta do contido das reunións a fin de documentar o traballo realizado.	
--	--

<b>PLAN DE ACTUACIÓN DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA</b>	
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>MEDIDAS E RECURSOS</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Propoñer ao Claustro os diversos programas impulsados polo DO.</li> <li>2. Analizar e transmitir aos compoñentes do Claustro as directrices para a elaboración das programacións de área.</li> <li>3. Impulsar o debate no seo da CCP e abrila a todos os membros do Claustro.</li> <li>4. Realización das reunións necesarias para levar termo o traballo.</li> <li>5. Levantar acta do contido das reunións a fin de documentar o traballo realizado.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar un calendario previo de reunións previstas da CCP.</li> <li>• A causa das obras realizadas no centro a primeira reunión levarase a cabo no mes de setembro unha vez iniciadas as clases e nela analizarase a documentación básica entregada nos primeiros días do citado mes: horarios, calendario de reunións, membros dos Equipos de Dinamización e outros temas de interese para o centro.</li> <li>• A CCP deberá propiciar a coordinación pedagóxica entre todos os ciclos.</li> </ul>



## PLAN DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

OBXECTIVOS	MEDIDAS E RECURSOS
<p>1. Propiciar un ambiente positivo no centro en coordinación co equipo directivo e co profesorado.</p> <p>2. Desenvolar e potenciar a orientación a tódolos alumnos/as en función das súas características, capacidades e necesidades propias, facendo especial fincapé nos alumnos que precisan unha especial atención e axudándolles nos momentos clave (cambio de centro, cambio de etapa,...).</p> <p>3. Facilitar reforzos pedagóxicos a aqueles alumnos/as que o necesiten, colaborando na realización de adaptacións curriculares (ACS) de ciclo, curso ou área (personalizadas) e en reforzos educativos.</p> <p>4. Intercambiar información co profesorado sobre o seu grupo de alumnos para a prevención, detección e orientación de necesidades educativas e coordinar a intervención a levar a cabo tendo en conta as características de cada un deles.</p> <p>5. Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado, asesorando ao profesorado sobre metodoloxías, técnicas, procedementos, ... e fomentar a súa participación en cursiños, xornadas ou charlas de formación.</p> <p>6. Implicar ás familias no proceso educativo dos seus fillos, ofrecendo asesoramento, orientación e pautas educativas axeitadas para que asuma a súa responsabilidade na formación dos seus fillos.</p> <p>7. Colaborar con outros organismos (servizos sociais, SERGAS, EOE...) para buscar conxuntamente solucións nas dificultades coas que o noso alumnado se poida atopar ao longo do seu paso polo noso centro.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización periódica de reunións do Departamento, levantando acta dos asuntos tratados.</li> <li>• Organizar os apoios para o alumnado optimizando os recursos dos que dispoñemos (profesorado de PT, AL, profesorado con dispoñibilidade horaria,...)</li> <li>• Deseño e posta en marcha dos programas "Benvidos á escola", "Xa son maior" e "Programa de Preparación para a ESO".</li> <li>• Realización do Programa de Exploración Psicopedagóxica co alumnado de 5 anos, 2º e 4º.</li> <li>• Realizar as avaliacións psicopedagóxicas necesarias e redactar os correspondentes informes.</li> <li>• Entrevistas con profesorado e familias.</li> <li>• Asesoramento á comunidade educativa.</li> <li>• Adquisición de material do Departamento.</li> <li>• Revisión e actualización de documentación: Plan de Orientación, Plan de Acción Titorial, Plan Xeral de Atención á diversidade.</li> <li>• Asistencia ás sesións de avaliación.</li> </ul>

### COMPOSICIÓN DO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

□ "XEFA DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

- Elisabeth Castro Alonso"
- PT: Laura Escudero Pereira
- AL: Ana Belén Framiñán Quintero
- COORD EI: 4 ANOS Karina Barciela Carrera
- COORD.1°C: 2º Rocío Estévez González
- COOR 2º C: 3º B Carmen Grande Freire
- COORD. 3º C: 6ºB: Natalia Dacuña Amoedo

<b>PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA</b>	
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>MEDIDAS E RECURSOS</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Potenciar o uso da lingua galega nas actividades da vida escolar.</li> <li>2. Lograr unha valoración positiva do uso da lingua galega.</li> <li>3. Mellorar a competencia lingüística en lingua galega dos membros da comunidade educativa.</li> </ol> <p>Ademais de potenciar, fomentar e espertar:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>4. Actividades positivas cara a lingua galega, tanto por parte do alumnado como do profesorado.</li> <li>5. O interese e gusto pola lectura en lingua galega ampliando o material de lectura en galego, así como o material audiovisual en lingua galega.</li> <li>6. O coñecemento da nosa cultura e tradicións galegas por medio de actividades programadas a través do ciclo anual.</li> <li>7. As actividades a desenvolver na semana cultural das Letras Galegas.</li> <li>8. Colaborar na elaboración o Proxecto Lingüístico.</li> <li>9. Presentar o Proxecto de Fomento de Uso do Galego, sempre que sexa convocado pola Consellería de Educación.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización periódica de reunións levantando acta do tratado.</li> <li>• Continuar realizando as actividades referidas ao ciclo anual, así como actividades fomentando a protección Medioambiental.</li> <li>• Transmitir información sobre as iniciativas arredor da LG que vaian xurdindo de diferentes entidades.</li> <li>• Empregar o Recurso da Radio Escolar como ferramenta motivadora para seguir mellorando a competencia Lingüística en L G.</li> </ul>

- **COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG).**

- ▣ **Victoria Pérez Rodríguez** (Educación Musical) (C)
- ▣ M<sup>a</sup> Luísa Giráldez Martínez (2º ciclo EI)
- ▣ Paula Freijeiro Vaqueiro (1º ciclo EP)
- ▣ Carmen Grande Freire (2º Ciclo de EP)
- ▣ Natalia Dacuña Amoedo (3º ciclo EP)

- **ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

As actividades que porá en marcha o EDLG para o fomento e dinamización da lingua galega serán as establecidas no Proxecto de Fomento de Uso do Galego. A valoración destas actividades será recollida na Memoria de fin de curso.

<b>PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DE PLAN DIXITAL</b>	
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>MEDIDAS E RECURSOS</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Potenciar o uso das TIC tanto dentro como fóra da aula .</li> <li>2. Fomentar o interese polo coñecemento, uso e manexo de app para a creación de contido dixital</li> <li>3. Iniciación a robótica coa Beeboot.</li> <li>4. Lograr unha valoración positiva do uso das Tics no ámbito educativo.</li> <li>5. Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa.</li> <li>6. Levar a cabo os trámites necesarios para actualizar a dotación de ordenadores para a aula tic</li> <li>7. Implantar maqueta Abalar no centro e na aula tic para que a dotación de ordenadores para a aula tic e o centro se leve a cabo.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización periódica de reunións levantando acta do tratado.</li> <li>• Realización de charlas de asesores para o profesorado.</li> <li>• Desenvolver actividades coa Beebot en datas sinaladas e elixidas en consenso con todo e EPD, EDLG, EDBE, EAC (Samaín, Entroido e Letras Galegas)</li> <li>• PFPP aberto a todo a profesorado.</li> <li>• Continuar realizando as actividades referidas ao ciclo anual, así como o concerto didáctico en lingua galega (patrocinado polo EDPD).</li> <li>• Facilitar aos mestres titores/as as fichas de valoración das actividades promovidas polo Equipo que nos servirá para facer unha reflexión sobre as actividades desenvolvidas.</li> </ul>

- **COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DO PLAN DIXITAL (EDPD).**

- **Rocío Estévez González** ( 1º ciclo EP) (C)
- Karina Barciela Carrera (4 anos ciclo EI)
- Vanessa Calviño Carballo (3anos ciclo EI)
- María Dolores Rodríguez Salas (2º ciclo EP)
- Camila Vila Vila (3º ciclo EP)
- Laura Escudero Pereira (especialista en PT)

**- ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DO PLAN DIXITAL.**

As actividades que porá en marcha o EDPD para o fomento e dinamización do plan dixital serán as establecidas no Proxecto do Plan Dixital.

A valoración destas actividades será recollida na Memoria de fin de curso.

<b>PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS</b>	
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>MEDIDAS E RECURSOS</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Elaborar a planificación anual destas actividades tendo en conta as propostas dos equipos de ciclo.</li> <li>2. Informar aos Equipos de ciclo da oferta de actividades complementarias.</li> <li>3. Programar as actividades: obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do profesorado.</li> <li>4. Elaborar unha memoria final de curso que incluíra a valoración de todas as actividades Complementarias realizadas.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización das reunións programadas no calendario para preparar actividades conxuntas como: Samaín, Magosto, Festival de Nadal, Festa do Entroido e Festival das Letras Galegas.</li> <li>• Transmitir información aos coordinadores de ciclo sobre as ofertas de actividades complementarias que vaia chegando ao colexio.</li> <li>• Proporcionar aos coordinadores de ciclo o documento de avaliación das actividades complementarias realizadas.</li> <li>• Realizar unha análise da avaliación realizada polos ciclos para incluír os aspectos máis importantes na Memoria final de curso.</li> </ul>

- **COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

- ▣ **Eduardo Alonso Rodríguez (1º ciclo) (C)**
- ▣ **Estefanía Puga Carrera (2º ciclo)**
- ▣ **Rosa Mª Fernández Berceruelo (3º ciclo)**

<b>PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR</b>	
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>MEDIDAS E RECURSOS</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Diseñar, asesorar e apoiar actividades para o fomento da lectura, escritura creativa e a expresión oral.</li> <li>2. Promover tarefas e actividades que dean resposta ás necesidades informativas da comunidade educativa, conforme aos Obxectivos da Axenda 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sustentable.</li> <li>3. Promocionar a utilización da biblioteca para a lectura, información e a aprendizaxe.</li> <li>4. Atender á diversidade de todo o alumnado nés actividades propostas, para conseguir unha biblioteca máis inclusiva e que procura a compensación das desigualdades sociais.</li> <li>5. Diseñar actividades para a busca de información, de expresión oral e escrita, que contribúan á mellora das capacidades lectoras do alumnado.</li> <li>6. Fomentar interese e gusto pola lectura en calquera das linguas cooficiales da nosa comunidade.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización periódica de reunións levantando acta do tratado.</li> <li>• Continuar realizando as actividades referidas ao proxecto lector.</li> <li>• Facilitar aos mestres titores/as a valoración das actividades promovidas polo Equipo que nos servirá para facer unha reflexión sobre as actividades desenvolvidas.</li> </ul>

- **COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA (EDBE).**

- ▣ **Mª Jesús Suárez Souto (2º ciclo EP) (C)**

- **Nair Freiría Alonso (2º ciclo EI)**
- **Montserrat Gil Vilariño(Apoio lingua estranxeira)**
- **Alicia Ucha Durán (3º ciclo EP)**
- **Lucía Elena Rodríguez Campello ( Apoio EI)**
- **Begoña Vila Pérez (Religión)**
- **Ana Belén Framiñán Quinteiro (AL)**
- 

**- ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA**

As actividades que porá en marcha o EDBE en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto

Lector de Centro. serán as establecidas no propio proxecto lector. A valoración destas actividades serán recollidas na Memoria de fin de curso.

**PLAN DE MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO COLEXIO**

<b>OBRAS REMATADAS</b>	<b>OBRAS EN PROCESO</b>	<b>OBRAS PENDENTES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acabado de cambio de cerramentos de aluminio zona escaleiras con patio interior.</li> <li>• Reparacións na fachada do patio interior</li> <li>• Acabado de substitución de falsos teitos.</li> <li>• Cambio de luminarias por led nas zonas descritas no punto anterior.</li> <li>• En todos os corredores colocáronse células de detector de presenza para iluminar en caso necesario.</li> <li>• Remodelación e acondicionamento dos areeiros para un mellor aproveitamento. Por problemas técnicos parte do patio de infantil neste momento está pendente de rematar.</li> <li>• Substitución total da cuberta de uralita do patio cuberto.</li> <li>• Colocación de teito con luminaria na entrada exterior do comedor.</li> <li>• Derribo de anexo e habilitación de entrada con escaleira</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación e acondicionamento dun espazo para o cultivo de plantas aromáticas.</li> <li>• Ampliación e acondicionamento da superficie do horto.</li> <li>• Proxecto de reacondicionamento no terreo da fachada do centro para facer un lugar que conteña elementos presentes nos proxectos das aulas.</li> <li>• Reparación das filtracións no pavillón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reparar tellado do muíño do patio interior.</li> <li>• Reparación do deterioro da pista deportiva.</li> <li>• Cambio de iluminación no escenario na Sala de Usos Múltiples.</li> <li>• Pintado dun circuíto de "karts" en torno ao edificio e pista.</li> <li>• Solicitud de ascensor.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Instalación de arcas para gardar xoguetes nos areeiros.</li> <li>• Renovación do chan e outros elementos da biblioteca escolar para mellorar as instalacións</li> <li>• Inclusión da radio escolar na biblioteca escolar.</li> </ul>		
---	--	--

### Equipamento

Durante o mes de setembro/outubro realízase de xeito anual a petición de dotación de material necesario á Consellería.

Este ano solicitarase no departamento correspondente a instalación dun ascensor. Xa o curso pasado e tamén este por problemas de mobilidade en alumnos/a botouse en falla non dispor del.



## **PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E INSTALACIÓNS**

O Plan de Auto-protección do centro foi elaborado coa asesoría dos Bombeiros do Concello de Mos pero nestes momentos non está actualizado. Neste curso solicitarase, unha vez máis, a organización dun simulacro de evacuación coordinada polo Servizo de Bombeiros, deixado de facer durante os anos da pandemia.

## **3. PROGRAMAS ESPECÍFICOS A DESENVOLVER NO CURSO ACTUAL**

### **SECCIÓN BILINGÜE EN LINGUA INGLESA**

Debido aos desdobres e dado que contamos cunha mestra de apoio a inglés tres días á semana, dado que a titular da praza realiza tamén as funcións de Directora, por horario só podemos activar unha sección bilingüe en 1º na asignatura de plástica.

### **CONTRATOS - PROGRAMA RECUPÉRA-T**

Solicitado no seu momento, conseguimos acceder ao PROGRAMA PROA para 3º e 4º de Primaria.

### **- PLAN PROXECTA. ALIMÉNTATE BEN**

Non está solicitado o plan proxecta, pero en toda a Primaria seguimos mantendo as recomendacións para uns almorzos saudables e na etapa de Educación Infantil fanse as merendas saudables organizadas polo Equipo de Ciclo.

### **PROGRAMAS COORDINADOS POLO D.O**

No noso centro, desenvólvense programas que se dividen en dous grupos: Programas de prevención e programas de intervención. A diferenza entre ambos estriba no seguinte: os programas de prevención son aqueles no que a acción educativa tende a evitar a aparición de determinadas anomalías e trastornos, mentres que os programas de intervención tratan de solucionar problemas e carencias xa existentes no alumno/a.

De prevención para o centro: están incluídos no Plan de Acción Titorial (PAT) e póñense en marcha nas horas de tutoría.

Algúns destes programas serán aplicados cada ano de forma sistemática, como:

- O plan de acollida para Educación Infantil
- O programa "Xa son maior" de paso á Educación Primaria
- O programa de preparación para a ESO
- O programa de exploración psicopedagóxica que se aplica en 6º de E. I., 2º e 4º.
- O programa de prevención de dificultades na linguaxe oral

Outros serán aplicados en función das necesidades e da demanda do profesorado, como:

- O programa de habilidades sociais
- O programa de sensibilización contra o acoso escolar
- O programa de detección da perda auditiva
- O programa de ortografía
- O programa de desenvolvemento de técnicas de estudo
- O programa de resolución de problemas

- O programa de automatización do cálculo mental
- O programa de mellora das funcións executivas,...

**De intervención para alumnos/as con NEAE:** programa cognitivo-conductual, programa de modificación de conduta, programa instrumental para altas capacidades, programa para estranxeiros (adquisición de linguas), programa de dificultades de aprendizaxe,...

#### 4. CALENDARIO DE REUNIÓN

O calendario de reunións pódese consultar integramente no ANEXO 1

#### 5. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

O cadro de organización pedagóxica do noso colexio pode consultarse no ANEXO 2

#### 6. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO COLEXIO

O Colexio está acollido á modalidade de XORNADA ESCOLAR LECTIVA EN SESIÓN ÚNICA de mañá de 9:30 a 14:30h.

<b>HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO</b>	
Horario de titorías	Presencial, con cita previa: martes de 16:30 a 17:30
Dirección e xefatura de estudos	Telefónica ou presencial de luns a venres de 9:30 a 10:15. Correo electrónico
Secretaría	De luns a venres 9:30 a 10:20 Martes e xoves de 14:00 a 14:20
Orientación	Luns e xoves con cita previa

#### 7. QUENDAS DE VIXILANCIA

##### **VIXILANCIA DO ALUMNADO QUE UTILIZA O TRANSPORTE ESCOLAR**

**HORARIO DE VIXILANCIA** do alumnado transportado: de 9:15 ata 9:30 e de 14:30 a 14:45 h. Se algún autobús se retrasa no horario de entrada, o profesorado de garda avisará ao Equipo Directivo que tomará nota da incidencia. Cando á hora da saída algún dos autobuses escolares chegase fóra deste horario, os mestres/as de garda custodiarán ao alumnado ata a súa marcha. Calquera incidencia destacable deberá quedar rexistrada nun parte, que estará a disposición do profesorado nas listas de buses.

Quendas de vixilancia:

<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>KARINA</b>	<b>CHUS</b>	<b>PAULA</b>	<b>ROCÍO</b>	<b>EDU</b>

<b>NATALIA</b>	<b>CARMEN</b>	<b>FANI</b>	<b>LUCÍA</b>	<b>VIQUI</b>
<b>LUISA</b>	<b>ALICIA</b>	<b>CAMILA</b>	<b>LIS</b>	<b>ROSA</b>
<b>MONTSE</b>	<b>MARILÓ</b>	<b>NAIR</b>	<b>BEGO</b>	<b>ANA</b>

### **VIXILANCIA DO ALUMNADO DURANTE O RECREO**

HORARIO DE VIXILANCIA do alumnado será de 12:00 a 12:30h. O profesorado que imparta a 3ª sesión baixará cos nenos/as ata o patio. Ás 12:30 o profesorado que imparta a 4ª sesión os recollerá no patio para dirixirse as súas respectivas clases. Formaranse quendas de 6 mestres/as que terán unha garda fixa cada semana en luns, martes ou mércores distribuídos en GRUPO A-B-C. Os xoves e venres serán alternos. As especialistas de PT, AL e apoio inglés realizarán as funcións de garda de despacho nas mesmas alternancias horarias que o resto do grupo ao que correspondan.

<b>VIXILANCIA DE RECREO 22-23</b>		
<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>
<b>GRUPO A</b>	<b>GRUPO B</b>	<b>GRUPO C</b>
<b>BEGO FANI ROCÍO LUCÍA PAULA CAMILA</b>	<b>EDU CHUS CARMEN NAIR NATALIA ALICIA</b>	<b>MARILÓ ROSA VANE LUISA KARINA VIQUI</b>
<b>GARDA DESPACHO</b>		
<b>MONTSE</b>	<b>ANA</b>	<b>LAURA</b>

En caso de accidente relevante, despois das intervencións oportunas, o mestre/a implicado informará á familia, ao titor e ao Equipo Directivo e cubrirá o PARTE INFORMATIVO ACCIDENTES-INCIDENTES, que forma parte da documentación entregada a principio de curso.

### **VIXILANCIA DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

Sempre haberá un profesor de garda, que se asegurará do perfecto funcionamento das mesmas.

- Entrega de chaves do recinto a utilizar.
- Asegurarse de que está o monitor. En caso contrario facerse cargo do alumnado.
- Ao remate das actividades asegurarse de que todos os/as nenos/as sexan recollidos pola persoa autorizada. E de presentarse algún retraso ou calquera outro imprevisto solucionalo.

## 8. CALENDARIO ESCOLAR

No ANEXO 3 recóllense: o período de actividades lectivas, os días non lectivos e os períodos de vacacións.

O día de libre disposición, solicitado á Inspección Educativa, do colexio será o martes 2 de maio de 2023.

## 9. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### CONMEMORACIÓN, FESTAS E FESTIVAIS

No ANEXO 3 pódese consultar a relación de festas escolares a celebrar neste curso.

### SAÍDAS ESCOLARES E OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<b>EDUCACIÓN INFANTIL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Visita a unha plantación de Kiwis (Chenlo).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Visita ao invernadoiro ecolóxico Verdear (Subida ó Coto Grande, Vigo).</li> <li>• Saída ao monte comunal para realizar unha plantación de carballos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Visita a Escola de Capataces Forestais de Lourizán (Pontevedra)</li> <li>• Convivencia coas familias realizando unha ruta de sendeirismo pola contorna (Zamáns).</li> <li>• Visita ao Parque dos Sentidos (Marín).</li> <li>• Convivencia de fin de etapa para 6º de Educación Infantil na Finca A Seara (Covelo)</li> </ul>
<b>1º CICLO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posible saída preto do Nadal para contextualizar o tema da Localidade e o Concello ata a cidade de Vigo (O Castro, O Concello, Mecado de Nadal)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posible visita a Casa do Mar Vigo de cara a primavera.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Como excursión de fin de curso posible visita ó Parque Multiaventuras de Marín (hai varias opción de rutas arbóreas (para os cativos non), paseos a cabalo, merendola, con monitores, etc <b>PREFERENTE POR ESTA MÁIS PRETO DE MOS</b>, ou outra proposta que se nos adapte.</li> </ul>

			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Calquera outra proposta que xurda do EAC e que se nos adapte, tendo en conta a ratio e a idade dos nosos nenos.</li> </ul>
2º CICLO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 4º E.P. : Museo de Torneiros e as relacionadas con Afaga: Atinando Recordos ANEXO 12</li> <li>• 3º E.P. ( e con probabilidade de unirse 4º E.P., dependendo do prezo do transporte): <ul style="list-style-type: none"> <li>-Santa Tegra.</li> <li>-Supermercado Eroski e/ou Praza de abastos de Porriño.</li> <li>-Sendeirismo polos muíños de Mos.</li> </ul> </li> </ul>		
3º CICLO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• “Conoce + tu aeroporto” ao aeroporto de Vigo ou visita aos bombeiros das Gándaras en Porriño.</li> <li>• Acudir a un pleno no concello de Mos.</li> <li>• Teatro Salesianos: "Tambores de paz" o 13 de febreiro de 2023</li> <li>• Saída ao Museo Liste.</li> <li>• Seleccionar de entre as saídas que oferte o Concello de Mos, a/as que mellor complementen a nosa programación.</li> <li>• Saída de fin de curso.</li> </ul>		

### **TAREFAS EXTRAESCOLARES. PAUTAS XERAIS.**

O profesorado que o decida poderá facer uso das tarefas extraescolares (“deberes”) tendo en conta que:

- Ao tempo que se fomenta a responsabilidade do alumnado, a cantidade de tarefas extraescolares asignadas deben ser compatibles co horario doutras actividades formativas que o alumnado poida estar levando a cabo e adecuadas ao ritmo de traballo do/a neno/a, respectando o tempo de lecer.
- As tarefas extraescolares prescritas deben posibilitar o compromiso da familia na formación do/a alumno/a sen estorbar a conciliación da vida familiar e persoal.

## **10. PLAN DE ACTIVIDADES XESTIONADAS POLA ANPA**

### **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

O centro volverá este curso a ter actividades extraescolares en horario de tarde de 16:30 a 18 de luns a xoves. Están promovidas pola Anpa e polo Concello.

Empregaranse distintas instalacións do centro, segundo a necesidade da actividade, que previamente foron solicitadas formalmente á Inspección Educativa.

Haberá unha grella de gardas de profesorado establecidas para todo o curso.

As actividades ofertadas serán:

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2022-2023				
DÍA	ACTIVIDADE	HORARIO	ORGANIZADO POR	LUGAR
LUNS	TALLER INFANTIL	16:30-18:00	IMAXINA	COMEDOR
	INGLÉS PRIMARIA	16:30-17:30 (4 GRUPOS)	CONCELLO DE MOS	1 GRUPO EN 6ª 1 GRUPO EN INGLÉS 1 GRUPO EN 5º 1 GRUPO EN 1º
MARTES	TAEKWONDO	16:30-18:00	IMAXINA	USOS MÚLTIPLES
	FÚTBOL SALA	16:30-17:30	CONCELLO DE MOS CLUB LOURO DE FÚTBOL	PAVILLÓN OU PISTA
	INFORMÁTICA	16:30-18:00	IMAXINA	AULA TIC
MÉRCORES	MULTIDEPORTE INFANTIL	16:30-17:30	CLUB LOURO DE FÚTBOL	PAVILLÓN OU PISTA
XOVES	INGLÉS INFANTIL	16:30-17:30	IMAXINA	COMEDOR
	BALONCESTO	16:30-17:30	CONCELLO CLUBE BALONCESTO PORRIÑO	PAVILLÓN OU PISTA

### COMEDOR ESCOLAR E PLAN MADRUGA

O Comedor Escolar e o Plan Madruga son uns servizos complementarios de carácter educativo que están integrados na vida e organización do CEIP de Atín – Cela. Correspóndelle a ANPA (do Ceip Atín-Cela) a responsabilidade da xestión do comedor e aula madruga, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Escolar como por exemplo a selección e admisión de alumnado nos casos en que o número de solicitudes superase a de prazas ofertadas.

A prestación dos servizos de comedor faise a través da contratación do subministro de comidas preparadas. Este catering está a cargo dunha empresa hostelreira que é adxudicataria.

Obxectivos:

- Responder á necesidade das familias que por mor de motivos laborais o precisen.
- Fomentar hábitos alimentarios saudables desde a escola e ensinar un comportamento social.

### 11. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS

Para que a escola funcione é necesario que haxa una estreita colaboración coas familias e dende o centro témolo como un obxectivo prioritario.

- **Reunións colectivas.** realizáronse as reunións xa iniciado o período lectivo os martes pola tarde durante os meses de setembro e outubro, co obxectivo de informar aos responsables os aspectos pedagóxicos e organizativos de cada nivel.
- **Reunións individuais.** O horario de atención ás familias é os martes de 16.30 a 17:30 horas, previa cita para poder recoller información tanto por parte das titoras como dos/as especialistas.
- **Colaboración coa ANPA** en todas as súas actividades.

- **Actos de convivencia:** celebración de actos con arraigo popular, tradicional, festivo e cultural (Magosto, Entroido, charlas, etc.)

## 12. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

As medidas de prevención que se levan a cabo en cada autobús son as mesmas que para o resto de transporte público. No noso centro contamos con catro rutas con varias paradas en cada unha delas, tal e como se pode comprobar no seguinte táboa:

<b>CELA</b> (saída 09:10) (regreso 14:30)	<b>FLORIDA</b> (saída 09:10) (regreso 14:30)	<b>PEREIRAS</b> (saída 09:10) (regreso 14:30)	<b>HERVILLE</b> (saída 09:10) (regreso 14:30)
1.- Roublín (Pereiras) 2.- Coto 3.- Cabanelas 4.- Igrexa de Cela (Cambeiro) 5.- Pedreira (Cruceiro)	1.- Florida 1 (Talleres La Florida) 2.- Florida 2 (Panadería Mercedes) 3.- Cristo de Belén	1.- Campo de Eiró 2.- Mouta 3.- Igrexa Pereiras 4.- Casalmorto 5.- Candosa	1.- Sequeiros 2.- Arufe 3.- Cestiña 4.- Coutadiña 1 5.- Coutadiña 2 6.- Abelenda 7.- Alto San Cosme 8.- Herville (C. Cult.)

## 13. LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES

O conxunto do profesorado -organizado en Ciclos- é quen determina os materiais e recursos que lle son necesarios para levar a termo a súa labor pedagóxica.

No caso particular de EI e dada as peculiaridades desta Etapa solicítase das familias unha aportación económica para compra de materiais curriculares. As titorías de EI renden contas ante as familias cando remata o curso.

No ANEXO 4 pódese consultar a relación de libros de texto e material didáctico impreso para o presente curso.

## 14. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Este curso, levaranse a cabo os seguintes programas de formación:

- Pedagogías Activas: metodoloxías de matemáticas manipulativas e documentación baseada en Reggio Emilia.
- Plan dixital: maqueta Abalar.
- Biblioteca: catalogación e organización de espazos.
- Transformación do patio escolar.

## 15. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ACNEAE

A atención á diversidade garantirá o acceso e a permanencia no sistema educativo do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entendendo por tal o alumnado

con necesidades educativas especiais, que se incorpore de forma tardía ao sistema educativo, ou que presente altas capacidades intelectuais.

A aula deberá ser un contexto inclusivo no que se dea resposta á diversidade de capacidades, intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe de todo o alumnado.

Xunto coas medidas de atención á diversidade recollidas na normativa oficial e no noso Plan Xeral de Atención á Diversidade; a metodoloxía debe incluír estratexias que promovan a construción social da aprendizaxe, a participación activa do alumnado, a motivación, a significatividade e funcionalidade da aprendizaxe, a cooperación, colaboración e a experimentación do éxito académico de todo o alumnado. Por todo isto, entre as estratexias metodolóxicas teremos que considerar aspectos como:

- A aprendizaxe cooperativa, que promove o desenvolvemento das relacións sociais e a construción da igualdade de nivel académico e social entre todos os alumnos e alumnas, permitindo que aprendan uns dos outros. Ante a situación que estamos a vivir este curso, vemos limitadas as actividades cooperativas en grupo, pero propiciarase que o alumnado comparta actividades, garantindo a distancia necesaria.
- As actividades de aprendizaxe graduadas e diversificadas, que implican diferentes niveis de dificultade, pero todas relacionadas cos mesmos contidos, permitirán a todo o alumnado participar na actividade en función do seu nivel de competencia.
- A aprendizaxe tanto por proxectos como por obradoiros ou centros de interese, permitiralles aprender dun xeito non fragmentario a partir das experiencias, vivencias e necesidades do alumnado.

A organización dos espazos e tempos favorecerá que se produzan situacións diversas dentro da aula: traballo individual, actividades comúns e actividades diferenciadas, etc.

As medidas de atención á diversidade poderán ser tanto organizativas como curriculares, e permitirán ao centro, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas e dos recursos humanos e materiais que se lles asignen de acordo coa planificación educativa e unha atención personalizada ao alumnado en función das súas necesidades. Estas medidas, deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten no alumnado dificultades de aprendizaxe.

As medidas de atención á diversidade non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas.

### **MEDIDAS ORDINARIAS:**

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade de conformidade co artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:



- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso
- Programas de habilidades sociais.

#### **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:**

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade de conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.. Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda. Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar
- Potenciar e asesorar na posta en marcha, seguimento e avaliación de adaptacións curriculares, medidas de reforzo educativo e calquera actuación destinada á mellora da aprendizaxe.
- Impulsar a eliminación dos obstáculos físicos, organizativos ou curriculares que dificulten a acollida, a adaptación escolar e o desenrolo educativo do conxunto do alumnado con necesidade específica de apoio educativo: alumnado con necesidades educativas especiais, de incorporación tardía ao sistema educativo español, con altas capacidades, alumnado con dificultades de aprendizaxe, alumnado afectado por enfermidades que dificultan o seu proceso educativo, etc.



## **Orientación académica**

- Potenciar a adquisición de competencias relevantes no ámbito educativo tales como a responsabilidade, a perseveranza, a toma de decisións, o traballo en equipo, a experimentación e a creatividade.

## **Convivencia**

- Contribuír á socialización do alumnado promovendo unha formación en valores conectada coa realidade social e comprometida con principios universais propios dunha sociedade democrática: cooperación, convivencia, respecto e solidariedade..., concibindo o diálogo como ferramenta fundamental para a resolución pacífica de conflitos.
- Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para mellorar o clima de traballo e convivencia.
- Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo.

## **Transición e coordinación entre etapas educativas**

- Orientar adecuadamente o proceso de acollida ao alumnado de novo ingreso no centro, prestando singular atención ao inicio da Educación Infantil, a transición á educación Primaria e ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Apoiar o proceso de transición entre etapas educativas, poñendo en marcha as medidas organizativas e curriculares necesarias para facilitar dito proceso.

B) Con relación ás familias:

- Asesorar ás familias para afrontar as dificultades que se presenten na educación dos seus fillos/as.
- Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan a asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desvantaxe socioeducativa ou por estar a vivir situacións complexas ou problemáticas.
- Asesorar e colaborar na procura de axudas e asistencia para alumnos con necesidades educativas de apoio educativo.
- Fomentar a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, coloquios, conferencias... que aporten información para a mellor educación dos fillos e fillas.

#### C) Con relación ao profesorado:

- Asesorar na elaboración dos documentos do centro.
- Proporcionar información acerca da normativa relacionada co proceso educativo, a institución escolar e, en xeral, co seu ámbito de traballo.
- Apoiar e asesorar no desenvolvemento da acción educativa e das actuacións que forman parte do desempeño da función docente: programación, avaliación, etc.
- Recabar a colaboración do profesorado nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización da atención á diversidade do alumnado.
- Asesorar no deseño, implementación e avaliación dos distintos plans e/ou programas que se elaboren.
- Promover a coordinación, o traballo colaborativo e a innovación educativa.
- Asesorar na elaboración, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.

E) Con relación a outras institucións e órganos externos:

- Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de orientación específico, Departamento de Orientación do IES e Departamentos de Orientación doutros CEIP.
- Coordinar actuacións cos servizos e axentes externos: Saúde, Servizos Sociais, Concello..., aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións poidan ofrecer.

#### **4. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN**

A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso necesario nunha planificación de accións realista e efectiva.

En coherencia coas finalidades da orientación reguladas pola normativa e tras a análise das necesidades da nosa comunidade educativa, fixamos os obxectivos xerais e específicos que van guiar a acción orientadora no noso centro.

Cumpre neste momento a análise da Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, que define as liñas prioritarias de actuación que deben ser tamén referente da nosa acción orientadora, no sentido de establecer ámbitos de actuación preferente dentro das accións que o centro ten determinadas.

Estes ámbitos preferentes e as características e necesidades do noso centro, son os criterios que guían o establecemento das accións prioritarias.

O desenvolvemento dalgunha delas precisará da continuidade do seu tratamento ao longo de varios anos e, ao ter que responder de xeito prioritario

fundamentalmente ás demandas de atención ás necesidades específicas de apoio educativo que puideran presentarse ao longo do curso, é posible tamén que haxa que pospoñer o desenrolo de outras a vindeiros cursos.

Moitas desas accións prioritarias aparecen recollidas no PXAD e no PAT. De todos xeitos, podemos destacar as seguintes:

- Asesorar e colaborar na elaboración e revisión dos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.
- Asesorar e colaborar nos procesos de elaboración e desenvolvemento das concrecións curriculares, especialmente no relativo á promoción da convivencia e atención á diversidade e ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Asesorar e colaborar no desenvolvemento das actuacións titoriais e das medidas contempladas no PAT.
- Diseñar e colaborar en actuacións que teñan como obxecto a promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Plantexar propostas para mellorar os canles de coordinación co orientador do centro de secundaria e facilitar o tránsito do alumnado entre estas etapas educativas.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica de todo o alumnado que o precise.
- Asesorar á Comunidade Educativa en relación as actuacións relacionadas co axuste, mellora e desenvolvemento xeral dos diferentes aspectos do proceso educativo.
- Asesorar e informar acerca das normas de desenvolvemento das leis educativas.
- Promover a reflexión e a coordinación entre os distintos servizos que interveñen cun mesmo alumno/a.
- Manter actualizado o Plan de Orientación concretando no PAADO as actuacións previstas para o curso.

## 5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Sendo o centro escolar un sistema formado por distintos elementos que deben organizarse e colaborar en aras de proporcionar resposta ás necesidades da comunidade educativa, e que ten como fin último articular unha acción formativa eficaz e de calidade, a función orientadora debe incidir en e desde o conxunto da organización escolar, como parte da mesma que é, utilizando todos os seus recursos e enmarcada na acción global do centro.

Pero para dirixir as accións e conseguir os obxectivos plantexados é necesario considerar unhas estratexias xerais de intervención, que enmarcan e complementan as propias das intervencións concretas que se articulan arredor dos diferentes plans (Atención á Diversidade e Acción Titorial):

- A relación de asesoramento, apoio, colaboración e coordinación permanente co equipo directivo.
- A importancia da participación activa dos mestres no equipo, como xeradores de iniciativas e pola implicación que se precisa para desenvolver de maneira real e efectiva as accións planificadas no Departamento.
- As especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe: ninguén mellor para colaborar na necesaria sensibilización, impulso, mediación, concienciación,... e na coordinación de accións para optimizar a atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.
- O impulso da orientadora coa presentación de iniciativas, propostas, proxectos,...que sirvan de punto de partida da reflexión e acción conxuntas en todos os ámbitos da acción educativa.
- O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e coas familias.

Como xa sinalamos na introdución deste documento, son estratexias de intervención o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Titorial.

### **O Plan Xeral de Atención á Diversidade**

Atender á diversidade implica a acomodación da escola ás necesidades de todos os alumnos/as, o que esixe facer os axustes e adaptacións precisas en todos os elementos do proceso educativo.

Neste senso, as decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á individualización e axuste da propia ensinanza na aula e do servizo educativo considerado globalmente.

A nosa escola asume, pois, o tratamento da diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do currículo e provéndoo dos servizos necesarios que, dada a complexidade e pluralidade de aspectos que deben considerarse, entendemos deben articularse mediante o Plan Xeral de Atención á Diversidade.

### **A acción titorial. O Plan de Acción Titorial**

O labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción titorial permanente, e esta acción, encomendada maioritariamente ao profesorado titor, non debe abordarse unicamente desde os esforzos individuais do profesorado; debe ser unha tarefa na que se implique todo o centro, coidadosamente planificada e consensuada polos membros da comunidade educativa. Agora ben, sendo función do Departamento de Orientación a elaboración de propostas de acción titorial, cómpre subliñar que a súa concreción e implementación debe ser responsabilidade da totalidade do profesorado, especialmente dos titores/as.

Dada a importancia destas actuacións resulta obvio estruturalas arredor dun plan, o Plan de Acción Titorial.

## **6. CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN**

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Este proceso de reflexión debe ser compartido, de forma que no mesmo se lles dea cabida aos distintos axentes protagonistas da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as propostas de mellora coas aportacións e perspectivas destes.

No que ao Plan de Orientación se refire, é preciso avaliar o seu desenvolvemento xunto co do plan anual de actividades do Departamento de Orientación (PAADO). Deben fixarse pois, uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

### **Criterios de avaliación**

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan de Orientación relaciónanse directamente cos obxectivos plantexados nel e veñen determinados por:

- A realización das actuacións previstas nos diferentes plans.
- A resposta ás demandas da comunidade educativa.

- A satisfacción das necesidades de orientación do centro.
- O grado de axuste á realidade do colexio.
- A resposta á diversidade.
- O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
- O asesoramento e apoio en relación coas accións de desenvolvemento das leis educativas.
- A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
- A relación cos axentes externos.
- O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- A promoción e apoio á convivencia.

### **Procedementos e instrumentos de avaliación do plan**

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaremos os seguintes procedementos e/ou instrumentos:

- As reunións de coordinación.
- Cuestionarios.
- Análise dos resultados escolares e das probas de diagnóstico.
- Entrevistas.
- Análise do clima de convivencia no centro.
- Memorias finais.
- Análise de documentos.
- Análise de tarefas que nos darán información acerca de:
  - a) Desenvolvemento das accións prioritarias.



- b) As accións previstas e non realizadas.
- c) As modificacións e/ou actuacións introducidas.
- d) Reunións celebradas.
- e) A participación nas reunións do Departamento.
- f) O número de demandas recibidas.
- g) O número de demandas atendidas.
- h) Instrumentos e/ou documentos elaborados.
- i) O desenvolvemento do propio PAADO.

## **8. APROBACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN**

Este Plan de Orientación conta coa aprobación do Claustro de profesores e do Consello Escolar do centro do día



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP de Atín-Cela**  
**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**  
Camiño do Foxo Vello, 7 - 36419 – Cela - Mos.  
Teléfonos: 886110353 – 886110351  
ceip.atin.cela@edu.xunta.gal  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipatincela/>

**PI**

**Plan de igualdade**

**CEIP DE ATÍN-CELA**  
**CURSO 2022/2023**

Este plan de igualdade elaborado no 2020 segue sendo o noso plan a aplicar no tema de igualdade. Os resultados obtidos son satisfactorios inda que queda moito por conseguir .

## **1. Introducción.**

Este documento segue as *“Instrucións do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, FP e innovación educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional”*

Nel recóllense un conxunto de actuacións, medidas e accións co obxectivo principal de implementar a coeducación na práctica pedagóxica do Centro.

Pretende ser un documento realista e operativo, pero tamén modificable segundo a posta en práctica e súa avaliación vaia suxerindo. Non hai que dicir que o contido do mesmo pretende o compromiso de todas as persoas que forman parte da comunidade educativa.

As condutas sociais confórmanse en diferentes ámbitos e espazos, sobre todo na escola, na familia e nos medios de comunicación. Ao longo deste proceso de socialización e través das distintas etapas, os nenos e as nenas, despois adolescentes, van asumindo diversos roles e valores que potencian o desenvolvemento de distintas capacidades en función do sexo.

O sistema educativo debe contribuír a eliminar os estereotipos sociais relativos ao rol de mulleres e homes permitindo un desenvolvemento máis equilibrado, axudando a construír relacións entre os sexos baseados no respecto e impulsando a participación de homes e mulleres en todos os espazos da sociedade.

De forma obrigatoria, segundo a lexislación vixente, no Centro débense levar a cabo as seguintes medidas:

- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.
- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.
- Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.

- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI)

## 2. Contextualización normativa e do centro

---

### Normativa estatal

- Constitución española de 1978
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

### Normativa autonómica

- Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

### Normativa do noso centro

As NOF forman parte do Plan de Convivencia (PdCv). É están integradas no Proxecto Educativo de Centro (PEC). Segundo o Art. 85º do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria : “Os centros disporán de autonomía para definilo modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse no proxecto educativo do centro, proxectos curriculares e normas de funcionamento”.

E así, as NOF do CEIP de Atín - Cela tratan de reunir, nun documento de uso interno, os procedementos e os regulamentos a respectar e cumprir por tódolos membros da CE para facilitar a vida do Centro e pretenden contribuír á consecución dun centro onde a coeducación sexa unha realidade como podemos comprobar nos seguintes puntos:

1. Todos os Órganos de Goberno do Centro, no ámbito das súas funcións e competencias: “c. Impulsarán medidas e actuacións para lograr a plena igualdade entre homes e mulleres e fomentarán a formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos”.
2. “Unha vez constituído o Consello Escolar do Centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomente a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres” (LOE, Art. 126. 2)”

3. O Consello Escolar (debe) “Proponer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no Centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.”

4. Deberes alumnado: “Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa. “

5. “Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.”

6. “Todo o alumnado ten dereito a unha praza escolar e o Centro non poderá establecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, nin poderá esixirse a formulación de declaracións que poidan afectar á intimidade, crenzas ou conviccións destes.”

7. “O agrupamento do alumnado no CEIP de Atín - Cela será mixto e flexible e favorecerá a coeducación e a aprendizaxe cooperativa, evitando calquera tipo de discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.”

8. “Como eixe vertebrador da vida no Centro e froito da reflexión colectiva, o PEC é, sobre todo, un contrato e compromiso que implica a todos os membros da comunidade educativa. Respetará o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.”

### *3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTI fobia.*

No noso centro obsérvase que aínda existen actitudes e comportamentos no alumnado, o profesorado e a comunidade educativa en xeral, que denotan que en algunha medida continuamos sendo educados nos papeis tradicionais de home e muller, subsistindo deste xeito condutas sexistas, polo que faise importante o desenvolvemento deste plan.

É compromiso do centro por en marcha recursos en materia de coeducación:

Tanto o equipo directivo como todo o profesorado, presentan unha boa predisposición para o desenvolvemento deste proxecto, polo que se converte nunha estupenda oportunidade.

Desde o centro asumimos que educar é formar ao alumnado a adquirir todas as competencias que lle sexan necesarias nunha sociedade de cambios e que coeducar:

- Consiste no desenvolvemento de todas as capacidades, tanto de nenas como de nenos, a través da educación.

- Ten como obxectivo facer persoas dialogantes e implica respecto cara a todo o que nos rodea: persoas, medio ambiente, animais. A coeducación é unha gran garantía para a prevención da violencia.
- Significa educar para a democracia. Non se pode falar de democracia mentres haxa desigualdades sobre a metade do xénero humano.

A igualdade de xénero é imprescindible na nosa sociedade, e somos os mestres e as mestras, en colaboración coas familias, os que estamos obrigados a desenvolver as actitudes positivas necesarias para que os nosos alumnos e as nosas alumnas estean concienciados.

O noso Centro debe avanzar á mesma velocidade á que avanza a sociedade. Estamos en continuo progreso. Por iso mesmo, o Plan de Igualdade debe facerse eco dese progreso e usar e potenciar todos os recursos dispoñibles para favorecer a coeducación e eliminar situacións de desequilibrio como algunhas que detectamos no centro sobre todo no uso de espazos durante os tempos de recreo.

#### *4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:*

---

A nivel xeral, os obxectivos que pretendemos son:

- ✓ Fomentar no noso centro unha cultura e prácticas coeducativas que nos permitan avanzar cara á igualdade entre homes e mulleres.
- ✓ Previr a violencia de xénero, favorecendo relacións de equidade.
- ✓ Garantir que o alumnado adquira a formación adecuada para fomentar a súa autonomía persoal e os coñecementos e habilidades para compartir responsabilidades domésticas, familiares e de coidado, e contribuír a eliminar comportamentos e actitudes sexistas.
- ✓ Facer visible e recoñecer a contribución das mulleres nas distintas facetas da historia, a ciencia, a política, a cultura e o desenvolvemento da sociedade.
- ✓ Promover o respecto á libre orientación sexual e o rexeitamento a todo tipo de violencia ou agresión sexual.

Para a consecución destes obxectivos, a nosa intervención xirará en torno a 4 ámbitos que expoñemos a continuación xunto coas actuacións a realizar en cada un.

#### **4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**

- Potenciar os xogos cooperativos e os xoguetes non sexistas, que lles aporten experiencias novas, desenvolvan as súas habilidades e amplíen as súas capacidades.
- Analizar reflexiva e criticamente a linguaxe, asumindo outras alternativas para o seu uso que eviten a desigualdade.
- Educar ás nenas e nenos para que compartan e se responsabilicen por igual de tarefas familiares e sociais, orientando cara á colaboración e o intercambio entre as persoas.
- Iniciar aos alumnos e as alumnas na participación de actividades de grupo potenciando a igualdade, aceptando as normas e regras que democraticamente establézanse e favorecendo distintas opinións e puntos de vista.

- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades colectivas e situacións de comunicación, así como no reparto de responsabilidades e de tarefas, rexeitando a división do traballo e das funcións en razón do sexo.
- Detectar as actitudes sexistas que aínda prevalecen na escola e as modificaremos, introducindo na escola conceptos, procedementos e actitudes relativas á igualdade de oportunidades.
- Desmitificar as tarefas femininas e /ou masculinas.

#### **4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**

- Previr a violencia fomentando a resolución de conflitos sen ela.
- Educar na empatía.
- Respetar e valorar as características e calidades doutras persoas, sen deixarse influír por actitudes discriminatorias en relación co sexo ou calquera outro trato diferenciador.
- Identificar e analizar de forma crítica as manifestacións sexistas ou discriminatorias que se producen na linguaxe cotiá, así como as mensaxes que nos transmiten os medios de comunicación.

#### **4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

- Favorecer entre o alumnado a aprendizaxe e a práctica de valores baseados no respecto ás diferenzas e na tolerancia á sexualidade, co fin de evitar situacións incómodas, humillantes e incluso acoso ou transfobia cara ao alumnado con conflito de identidade de xénero.

#### **4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTifobia.**

- Desenvolver a propia autonomía e a identidade persoal con independencia da variable xénero, evitando a clasificación dos valores ou das capacidades masculinas e femininas.
- Colaborar na construción e o desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacións interpersonais baseadas no profundo recoñecemento e respecto á individualidade, á singularidade e aos dereitos de toda persoa.
- Fomentar no noso centro unha cultura e prácticas coeducativas que nos permitan avanzar cara á igualdade.
- Crear consciencia sobre a importancia da igualdade de oportunidades, respectando e valorando a diferenza mediante actividades que fomenten a mesma.

### *5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:*

---

#### **5.1. Organización do centro.**

- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar .
  - ✓ 16 de outubro: “Día internacional da alimentación” (a nosa imaxe)
  - ✓ 16 de novembro: “Día internacional da tolerancia” (ser diferentes)
  - ✓ 20 de novembro: “Día dos dereitos dos nenos e das nenas” (normas de clase para todos e todas)
  - ✓ 21 de novembro: “Día Mundial da Televisión” (contidos sexistas)

- ✓ 25 de novembro: “Contra a violencia contra a Muller”.
  - ✓ 6 de decembro: A muller na Constitución e o voto feminino.
  - ✓ Nadal: “Campana do xogo e do xoguete non sexista”.
  - ✓ 25 de xaneiro: “Día da publicidade”
  - ✓ 30 de xaneiro: “Día da Paz”.
  - ✓ 24 de febreiro “Día de Rosalía de Castro”
  - ✓ 8 de marzo: “Día da Muller Traballadora”.
  - ✓ Semana da Ciencia: “Mulleres na ciencia”.
  - ✓ 23 de abril: “Día do libro”.
  - ✓ 28 de maio: “Día internacional da saúde das mulleres.”
- Nomear a unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
  - Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade prestando especial atención ás familias. Esta difusión poderá realizarse a través da web do colexio, do envío de información a través doutros medios de comunicación como o Tokapp/ Abalar Móbil ou a través do envío de trípticos informativos.
  - Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade a través da colaboración con outras entidades coma o CIM (Centro de información á muller) do Concello de Mos.
  - Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.

## **5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.**

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, ...Actividades sobre mulleres na historia, mulleres Premio Nobel, mulleres científicas,...
- Revisar o material didáctico e libros da biblioteca de aula analizando de forma crítica os roles establecidos e os estereotipos machistas (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
  - ✓ Realización de debates dirixidos sobre problemáticas sociais relacionadas coa coeducación, roles e estereotipos sexuais...



- ✓ Debuxos sobre tarefas e oficios que realizan habitualmente o home ou a muller e debates sobre os mesmos. Actividade “Que queres ser de maior?” para analizar que non importa o sexo á hora de elixir unha carreira ou profesión para desempeñar o oficio que gusta.
  - ✓ A corresponsabilidade no fogar: actividades sobre o reparto de tarefas na casa.
  - ✓ Traballo de investigación sobre o contido machista de letras de cancións. A actividade poderíase ampliar cambiando as letras e creando as súas propias cancións.
  - ✓ Traballo sobre as boas prácticas contra a violencia de xénero no uso dos dispositivos móbiles e redes sociais.
  - ✓ Análise da publicidade. Actividades para tomar conciencia dos valores consumistas e sexistas presentes nos medios e na publicidade.
  - ✓ Análise dos videoxogos e os contidos sexistas que neles aparecen.
  - ✓ Actividades sobre o reparto de tarefas e roles familiares
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias. Preto das vacacións de Nadal, se pode por en marcha unha campaña do xoguete non violento e non sexista enviándolle unha carta aos pais na que se aconselle sobre o tipo de agasallos.

### **5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.**

- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real a través da análise dalgunha noticia da prensa, radio ou televisión.
- Procuraremos agrupamentos mixtos para favorecer a inclusión: en xogos e actividades deportivas, na realización de traballos en grupos, así como na localización dentro da propia aula ou nos recunchos en infantil.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

### **5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.**

- Promover o respecto e bo trato entre mulleres e homes. Pódense realizar debates logo de realizar actividades de roles nos que os nenos teñan que escoller unha profesión tradicionalmente feminina e as nenas unha profesión tradicionalmente masculina
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.

- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas. Pódesele pedir aos nenos e nenas como tarefa para casa que realicen algunha tarefa no fogar.

## 6. Seguimento e avaliación.

---

Pódense recoller neste apartado o procedemento de avaliación do funcionamento do plan a través da definición de indicadores de medida e de instrumentos de avaliación que permitan obter evidencias e valorar os avances coa maior obxectividade posible.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

Para conseguir os mellores resultados co desenvolvemento do Plan de Igualdade, vaise a levar a cabo unha avaliación continua que nos permitirá si os obxectivos suscitados están sendo os adecuados e si as actividades propostas son as correctas para lograr os obxectivos propostos e así poder realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grado de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grado de aceptación das distintas propostas. Esta avaliación continua se complementará cunha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grado de satisfacción coa experiencia.

Para todo iso, empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- a) Revisión dos obxectivos e actividades suscitadas.
- b) Avaliación das actividades propostas: diagnóstico inicial, desenvolvemento e conclusións.

## Propostas de actividades concretas

- **Desenvolvemento da confianza (Xogo cooperativo).** Con esta proposta de xogos pretendemos axudar aos nenos e nenas a desenvolver a confianza nos seus compañeiros e compañeiras, gañando seguridade en que nada nos vai a ocorrer si outro ou outra nos axuda.

1º- *O Lazarillo*. Para empezar formaremos parellas. A un dos membros da parella lle vendaremos os ollos. O outro fará de Lazarillo: paseando polo aula e levándolle da man para evitar que tropece con mobles ou obxectos do aula ou con outras parellas que circulen polo espazo. Logo de xogar un intre así, podemos complicalo e dar instrucións que dificulten a circulación: corremos ata a parede, sentámonos... Facemos un cambio de "Lazarillo" e "Cego". Agora pediremoslles que se dean instrucións sen collerse da man. ¡Só vale falar!

2º Dividirase ao grupo de alumnos e alumnas en dous ou tres subgrupos. Pediráselles que se coloquen en filas e iráselles tapando os ollos. Ao primeiro da fila farémolles un debuxo sinxelo (un cadrado, un triángulo, unha estrela...) en algures da cara. Este deberá facer ese mesmo debuxo ao seu compañeiro ou compañeira do lado e así ata completar a fila. Finalmente fixarémonos na evolución dos debuxos vendo aos nosos compañeiros e compañeiras e mirándonos nun espello.

- Para tratar aos dous sexos desde a perspectiva da igualdade utilización do recuncho de disfraces (roupas e accesorios) por parte de todos e todas.
- Rotar polo recuncho da casiña para que todos e todas realicen as tarefas e participen en todas as actividades: levar os monecos ao médico, dar o biberón, cambiar os cueiros, poñer e quitar a mesa,... O mestre/a intervirá pedindo a colaboración daqueles/as que non participen ou que fan sempre as mesmas actividades.
- Dialogar sobre as seguintes frases e poñer unha cruz no cadro que corresponda:

Accións en casa	Si	Non
As nenas sempre xogan ao elástico e os nenos á pelota.		
As nenas poñen a mesa, os nenos non.		
En casa todos colaboramos.		
Os homes traballan fóra de casa e as mulleres non.		
A miña mamá frega os pratos e o meu papá ve a tele.		
Os homes non limpan a casa.		
As mulleres non lavan o coche .		
O meu papá lévame ao médico cando estou doente/ou		
O meu papá é o que vai falar coa miña mestra/ou.		

Despois podemos realizar un mural cos resultados obtidos.

- Saída polo centro. Coñecer ás persoas que traballan nel e o traballo que fan. Despois en clase anotar na pizarra, o sexo das persoas que traballan na escola. En gran grupo, dialogar e facer ver aos nenos e ás nenas que o sexo das persoas non é determinante para traballar nos diferentes oficios.
- Elaborar cos alumnos/as unha lista de comportamentos de igualdade en actividades e xogos.
- Xogo: Distribuír aros polo chan do aula. Mentres soe a música moverse libremente. Cando deixe de soar o mestre/a mostrará un número e os nenos/as meteranse nos aros en número igual ao mostrado polo mestre/a, aceptando a calquera neno/a que coincida no aro.

- Xogo: En casa realizamos tarefas. Elaborar en clase cos nenos/as unha lista de tarefas que se realizan en casa. Despois camiñar polo espazo libremente mentres soaa música e cando se pare o mestre/a dirá unha desas tarefas e todos os nenos/as realizarán a tarefa mencionada: lavar, cociñar, facer as camas, poñer a mesa...
- Realizar cos nenos/as unha lista de sinxelas tarefas para colaborar en casa sen discriminación de sexo. Pedir aos nenos/as que se comprometan a realizar algunha das tarefas en casa. Realizar un calendario semanal e pedir a colaboración das familias para que todos os días marquen si o neno/a colaborou en casa na tarefa á que se comprometeu (unha proposta de ficha pode ser o modelo A). Á semana seguinte, na asemblea, iremos contando os días que cada alumno/a colaborado en casa na tarefa que elixiu, e iremos pegando gomets nunha base que, previamente confeccionamos (unha proposta desa base pode ser o modelo B).

Nombre alumno/a		Compromiso Tareas Casa						
		LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO	DOMINGO
Tarea								

MODELO A

Nombres alumnos/as		Compromiso Tareas Casa						
		1 DÍA	2 DÍAS	3 DÍAS	4 DÍAS	5 DÍAS	6 DÍAS	7 DÍAS

MODELO B

- Realización de recunchos. Crear distintos recunchos na clase nos que se realicen as tarefas propias de cada oficio ou profesión. Confeccionar con material como cartolina, pasta de papel... as distintas ferramentas. Motivar para que pícaros e pícaras participen en todos os recunchos, rotando duns a outros: unha tenda, un hospital, un taller de mecánica, de costura, unha barbaría. Comentar ao final da sesión: como nos sentimos, cal gustounos máis...
- Taller da casiña:

A casiña debe ter todos os elementos básicos do mundo familiar: cociña, cacharriños de cociña, mesa, cadeiras, fregonas, cubos, etc.

Nela preténdese reflexionar sobre o traballo doméstico.

- Comézase con xogo libre, no que os nenos e as nenas imitarán os roles sexuais, é dicir, que funcións desempeñan homes e mulleres na vida real.
- En asemblea se debate sobre os papeis representados polos nenos e pícaras.

Analizar:

Que traballos realiza a muller na casa?  
Que axuda recibe dos demais membros?  
Cando descansa?  
Cantas vacacións ten?

Non son uns “cómodos” os demais membros da familia?

- Suscítase ao grupo unha situación imaxinaria: pai, nai, fillos e fillas representan unha familia na que se poñen de acordo en repartir as tarefas da casa. Repártense as tarefas e cada cal realízaa. (Escenificación)

Análise en asemblea:

- Quen fixo que?
- Canto tempo descansa cada cal?
- Que poden realizar no seu tempo libre?
- Como serán as vacacións?
- Algún membro da Familia, é un “cómodo”?

*(Neste taller potenciase o reparto de tarefas, estímúlase a xogar sen discriminación de sexo, desenvólvense habilidades en nenos e nenas que potenciaran a independencia de ambos na vida cotiá).*

- Relacións non estereotipadas. Dramatizar as seguintes situacións:
  - María, colle o xornal que está encima da mesa.
  - Paco, limpa o po aos libros da estantería. Luisa, arranxa o grifo do fregadeiro.
  - Juan frega os pratos.
  - Antonio, varre coa escoba debaixo da mesa. Enrique, limpa coa fregona debaixo das cadeiras. Neves, aperta os parafusos da mesa.
- Situar-se diante do espello. Cada neno/a dirá o seu sexo: “Eu son unha/un...” Despois comentar as diferenzas físicas entre nenos e pícaras.
- Pegar un papel continuo na parede. Repartir imaxes de nenos e nenas recortadas previamente de revistas e pegalas sobre papel continuo onde debuxamos distintos xoguetes. Os nenos/as dirán si poden ou non xogar cos xoguetes debuxados segundo a imaxe que lles mostremos e despois pegásena.
- Xogar a vestir as partes do corpo con pezas de distintas cores. Para iso, nomear unha parte do corpo e pedir aos nenos/as que digan con que cousas podemos vestila e de que cor (Hai cores de nena e cores de neno?). Por exemplo, os pés: con zapatos, medias, calcetíns...

- Recortables. Facilitar aos nenos e nenas do aula un recortable dun neno e unha nena que deben vestir con roupa que pertence a diferentes deportes, profesións, tarefas,..., colorear. En asemblea explicar as razóns polas que vestiron ao neno e á nena de xeito diferente. Explicar que todos e todas podemos xogar a todo, traballar en todo,....
- En asemblea mostrar imaxes de anuncios de xoguetes onde aparecen nenos sos e nenas soas con determinados xoguetes. Realizar aos nenos e púscas preguntas como:
  - Só os nenos poden xogar cos coches?
  - Os nenos non poden xogar coa cociña?
  - ....
- Os deterxentes na tele. Para o desenvolvemento desta actividade é necesario visualizar dous ou tres anuncios gravados da televisión. Estes anuncios deberán ser seleccionados polo profesorado de modo que aparezan situacións onde se reproduzan os estereotipos de xénero esperados das mulleres (poñendo a lavadora, preocupadas polas manchas, comprar no supermercado,...). Estes anuncios visualizaranse en clase cantas veces considérese oportuno para chamar a atención dos alumnos/as sobre os seguintes aspectos:
  - Quen aparece no anuncio, un home ou unha muller?
  - Quen pode poñer a lavadora? Só as mulleres?
  - Quen pode comprar os deterxentes? Só as mulleres?
  - Só as mulleres queren ter a roupa limpa?
  - Aos homes non lles gusta ter a roupa limpa?
  - Só as mulleres tenden a roupa?
  - Poden os homes tender a roupa?
  - .....

*\*Esta actividade podémola realizar con calquera outro tipo de anuncios onde aparezan situacións onde se reproduzan os estereotipos de xénero esperados tanto das mulleres como dos homes. De igual modo podemos realizar esta actividade centrándonos nos anuncios que vendan xoguetes típicos de cada sexo.*
- Contos tradicionais con intercambio de roles:
  - Asemblea. Identificamos os personaxes do conto. Falamos dos personaxes do conto.
  - Mostramos imaxes de personaxes de contos e comentamos as súas características.
  - Narramos entre todos o conto..
  - Dramatizamos a parte do conto que máis nos gustou.
- Que pasaría si mamá... Dialogar sobre que pasaría si as mamás deixasen de facer a comida, lavar a roupa, limpar a casa, facer a compra... Posteriormente podemos narrarlles o conto de “O misterio *do chocolate na neveira*” e “*A aventura do baño que se limpaba só*” de María Jesús Cerdiño e Juan Calzón, enfatizando a importancia do traballo doméstico e a necesidade de compartir responsabilidades en relación cos traballos da casa.

- “O misterio do chocolate na neveira”. (Adaptación de actividades do conto “O misterio do chocolate na neveira”)
  - Lectura do conto por o/a titor/a.
  - Comentar, en asemblea, o conto.
  - Respostas a preguntas relacionadas coa lectura do conto, de xeito oral:
    - *Que nos gustaría ter na nosa neveira?*
    - *Que comida gústanos máis?*
    - *Quen cociña en casa?*
    - *Quen fai a compra en casa?*
    - *Que se compra en casa que só nos gusta a nós?*
  - Realización de tarefas sinxelas en casa: adquisición dun compromiso.
- Contar contos cuxos protagonistas sexan pícaras e nenos.
- Elección de contos onde se teña en conta o mesmo número de personaxes masculinos e femininos.
- Evitar usar contos onde as ilustracións outorguen estereotipos ou roles preestablecidos para un ou outro sexo: en xogos, en profesións, no número de imaxes de nenas e nenos, en profesións, actividades ou tarefas domésticas.
- Marcapáxinas (animación á lectura)
  - Un marcapáxinas é un obxecto imprescindible para todo lector que se prece. Por iso, os nenos e nenas que están iniciándose no mundo da lectura deben ter un. Os alumnos construírán un marcapáxinas personalizado.
  - Material necesario: cartolinas, tixeiras, pinturas, rotuladores, pinces, acuarelas...
  - Cada neno/a decorará libremente o seu marcapáxinas e regalarallo a un compañeiro/a do sexo contrario. Previamente, explicouse aos nenos/as que a función do marcador é a de sinalar, nun libro, a páxina na que se deixa a lectura. Explicar o feito do agasallo do marcapáxinas: mostrar afecto e respecto cara ao traballo do outro.
- Colaboración co profesor tutor/a e resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas, así como nos reforzos educativos e outras medidas de atención á diversidade.
- Colaboración no asesoramento ao profesorado que imparte docencia directa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, así como os pais/nais destes alumnos/as.
- Elaboración de materiais específicos e recursos destinados ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- O profesorado de Audición e Linguaxe prestará colaboración na elaboración e desenvolvemento, na medida do posible, de programas relacionados con problemas de comunicación, especialmente en programas de prevención e estimulación da linguaxe en Educación Infantil e o primeiro ciclo de Educación Primaria. Contará coa colaboración do orientador/a do centro.

#### **Departamento de Orientación:**

- Servir de apoio tanto ao Equipo Directivo como ao Claustro, alumnado e familias.
- Coordinar a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo xunto co xefe de estudos e o profesorado de apoio.

- Detectar e avaliar as necesidades específica de apoio educativo do alumnado.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento dos mesmos.
- Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.
- Diseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.
- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista e profesorado de apoio.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presente o alumnado.
- Organizar espazos e instalacións para a orientación, así como adquirir material e equipamento específico, velando polo seu correcto uso e conservación.
- Establecer canles de información cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- Cooperar cos membros de equipo de orientación específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

**Equipo Directivo:**

A atención á diversidade do alumnado é responsabilidade de todo o profesorado do centro. Hai que sinalar o papel diferenciado do Equipo Directivo, como un elemento dinamizador de todos os procesos dirixidos a optimizar a atención ao conxunto do alumnado e, especificamente, o rol da xefatura de estudos como coordinadora de todo o relacionado coa atención á diversidade: organización de horarios, coordinación de funcións...

- Impulsar propostas e facilitar as condicións necesarias para a súa posta en marcha, tanto no tocante ás propias medidas de atención á diversidade como á necesaria coordinación do profesorado.
- Habilitar os recursos dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades educativas.
- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación do profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención aos procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.

**A concreción das distintas actuacións sería:**

TIPO DE MEDIDA	ACTUACIÓNS DOS PROFESIONAIS
Programas de estimulación da linguaxe na etapa de Educación Infantil.	Programa de carácter preventivo levado a cabo pola especialista en Audición e Linguaxe, sempre que dispoñamos de tempo para estas sesións e priorizando antes a atención ao alumnado con neae.
Recantos de actividade	Esta medida aplícase en Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria, os responsables son os Mestres/as titores.
Traballo por proxectos	Están promovidos dende a biblioteca e dinamización lingüística. O proxecto é común para todo o centro. Cada titor/a é responsable de levalo á cabo no seu grupo.

Grupos de apoio curricular	É unha medida de atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe e serán atendidos polo profesorado con dispoñibilidade horaria.
Permanencia dun ano máis no ciclo	Decidirase a promoción do alumno/a de forma colexiada primando o criterio do titor/a.
Reforzo educativo	O levarán a cabo os titores/as, o profesorado con dispoñibilidade horaria e as especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, segundo corresponda.
Adaptación Curricular	O titor e/ou os mestres das áreas que serán adaptadas elaboraran a Adaptación Curricular co asesoramento do Departamento de Orientación.
Flexibilización	Para levar a cabo esta medida precísase dunha valoración e informe do Departamento de Orientación que a xustifique.

## **7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CENTROS ADSCRITOS.**

### **MECANISMOS INTERNOS**

A nivel xeral durante o curso lévanse a cabo as reunións (CPP, Departamento de Orientación...) con fin de establecer unha coordinación entre o profesorado do centro.

Ademais realízanse as reunións Xerais que o equipo directivo estime oportunas.

### **MECANISMOS EXTERNOS**

O CEIP de Atín-Cela está adscrito ao IES de Mos. O xefe/a do Departamento de Orientación do centro reúnese trimestralmente co orientador/a do IES. Ademais realízase unha xuntanza ao final de curso coa titora de 6º, xunto co orientador/a para aportar datos sobre os nenos e nenas que acudirán o próximo curso ao IES.

## **8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO**

### **FAMILIAS**

As familias son un pilar fundamental no proceso de ensino aprendizaxe dos nenos e nenas, polo tanto, é necesaria a implicación das mesmas no proceso educativo. É importante unificar criterios e pautas que redunden nunha maior coherencia entre escola e familia.

Ainda que se establece un día á semana dentro do horario no lectivo de obrigada permanencia no centro de atención ás familias, atenderase ás familias, na medida do posible, noutros horarios tendo en conta as súas características profesionais e laborais e o horario do profesorado implicado.

O centro educativo, inserto nun contexto, debe integrarse na comunidade como un recurso máis e, ao mesmo tempo, debe coñecer e aproveitar a rede de profesionais (educadores sociais, especialistas en saúde, traballadores sociais, etc.) e institucións de todo tipo (asociacións, centros de saúde...) que poidan redundar nunha mellor actuación educativa e nunha atención integral á diversidade do noso alumnado.



O equipo directivo e o orientador/a terán unha especial atención para facilitar o contacto co entorno: relación entre centros educativos, relación entre institucións, tanto de carácter municipal como autonómico.

## **SERVIZOS EXTERNOS:**

As relacións que o centro establece cos servizos externos son as seguintes:

- **Equipo de Orientación Específico (EOE):**
  - Proporciona asesoramento e apoio ao Departamento de Orientación.
  - Información sobre os recursos e materiais para responder ás necesidades educativas.
  - Colaboración na Avaliación Psicopedagóxica.
  - Contribúe á formación especializada do profesorado no ámbito das necesidades educativas especiais.
- **Servizos Sociais.**
- **Gabinetes pedagóxicos e psicopedagóxicos:** O Departamento de Orientación do centro mantén colaboración cos gabinetes co fin de unificar criterios e pautas de actuación a través de xuntanzas, do correo electrónico, chamadas telefónicas...
- **Asociacións** coas que exista convenio e outras, previa autorización das familias.

## **9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**

### **Adaptación Curricular (AC)**

A Adaptación Curricular Individualizada é unha medida de atención extraordinaria. Empregarase unicamente cando estean esgotadas tódalas medidas posibles de atención á diversidade.

Supón modificacións significativas respecto aos distintos elementos integrados no Currículo: obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación. En función do grao de distancia que representen respecto ás actuacións ordinarias que se seguen co resto do alumnado, poden clasificarse pola seu maior ou menor grado de significatividade.

Nelas deberán quedar moi claros os seguintes puntos:

- Datos persoais do alumno/a. Información relevante sobre a súa historia persoal, familiar e escolar.
- Profesionais participantes.
- Información relevante do proceso de avaliación.
- Definición das necesidades educativas especiais.
- Competencias adquiridas polo alumno/a.
- Nivel de competencia curricular.

- Proposta curricular: decisións relativas ao que, como e cando ensinar e avaliar nas áreas que precise.
- Obxectivos e contidos do currículo adaptado.
- Modalidade de apoio: área , profesionais, lugar e tempo.
- Materiais e recursos didácticos que máis poden favorecer a aprendizaxe do alumno/a.
- A temporalización das aprendizaxes planificadas na proposta curricular.
- O número e tipo de apoios (dentro ou fóra da aula) a realizar polos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Criterios de avaliación.
- A adecuación dos instrumentos de avaliación (exame escrito, proba oral, participación na aula, caderno de clase, etc.) empregados para valorar eses obxectivos.
- As modificacións que se precisan no contexto da aula e/ou centro para facilitar o proceso de aprendizaxe do alumno/a e a implementación das decisións adoptadas.
- Colaboración coa familia.
- Seguimento das decisións adoptadas.

Na súa elaboración están implicados o profesorado titor e o profesorado da área coa colaboración do Departamento de Orientación, así como de calquera outro profesional que participe na atención ao alumno/a.

O proceso de elaboración das Adaptacións Curriculares debe ser dinámico e flexible. Aínda que a súa realización ten unhas fases claras non debe tomarse como un proceso lineal no que non se pode pasar á seguinte fase sen haber esgotado a anterior.

A primeira fase comeza cunha reunión na que tomaran parte:

- Xefatura de estudos.
- Profesorado titor.
- Profesorado das áreas que se consideran obxecto de Adaptación Curricular.
- Profesorado de apoio.

– Profesionais que participaron na avaliación psicopedagóxica.

O obxectivo desta reunión é estimar a pertinencia da Adaptación Curricular e clarificar os elementos do currículo que deberán ser modificados.

En segundo lugar se solicitará unha autorización á inspección educativa a través do director/a do centro e se comunicará a decisión á familia.

Para realizar o seguimento e revisión da adaptación todos os profesionais implicados na atención educativa do alumno/a (profesorado titor e de área, especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe) valorarán a adecuación e grao de cumprimento da adaptación curricular. Realizarase unha vez ao trimestre e, como mínimo, ao rematar cada curso.

Desenvolvemento da Adaptación Curricular: O alumno/a obxecto de Adaptación Curricular estará Integrado na medida do posible no contexto ordinario, fóra del en casos excepcionais debidamente previstos na Adaptación Curricular e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.

O referente para a elaboración da Adaptación Curricular serán os obxectivos xerais de etapa, concretados no Proxecto Curricular. O rexistro da mesma realizarase no expediente académico do programa Xade. O documento da Adaptación Curricular forma parte do expediente académico do alumno/a.

A avaliación da mesma realizarase seguindo os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe contemplados en dita adaptación.

## **Flexibilización do período de escolarización**

Será presentando unha solicitude ante a Inspección Educativa xunto cos seguintes documentos:

- Informe elaborado polo Departamento de Orientación que xustifique a necesidade da medida.
- Conformidade dos pais ou titores legais.
- Copia do Historial Académico.
- Proposta de Adaptación Curricular.

Os prazos para presentar a solicitude para Educación Infantil e Educación Primaria será o mes de abril. A autorización virá da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa antes do 31 de xullo.

### **Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe**

Tendo sempre como referentes os principios de inclusión e normalización, o orientador/a xunto coas especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo á xefatura de estudos. Para o deseño desta atención teranse en conta os criterios de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

### **Documentos utilizados polo departamento de Orientación para a demanda do titor/a e autorizacións para a familia:**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP de Atín-Cela**  
**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**  
Camiño do Foxo Vello, 7 - 36419 – Cela - Mos.  
Teléfonos: 886110353 – 886110351  
ceip.atin.cela@edu.xunta.gal  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipatincela/>

## FICHA DE DEMANDA

Nome da persoa titora.....

Curso..... Data: .....

### DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A

Nome.....Apelidos.....

Data de nacemento..... Teléfono.....

Enderezo.....

### DATOS FAMILIARES

Nome da nai .....

Nome do pai.....

Número de irmás/ns e lugar que ocupa .....

.....

Outras persoas que conviven coa familia .....

.....

## **DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE**

¿Presenta algunha alteración sensorial?

¿Padece algunha enfermidade grave ou crónica?

## **MOTIVOS DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO**

¿É a primeira vez que se demanda esta intervención?

¿Quen demanda a intervención? (familia, profesorado...)

Describe o motivo polo que se solicita a intervención:

## **PASOS PREVIOS DADOS POLA PERSOA TITORA**

1.- Aspectos máis relevantes do desenvolvemento do alumno/a.

2.- Aspectos relevantes aportados pola familia.

3.- Informe do resto do profesorado.

4.- Medidas adoptadas na aula.

5.- Datos relevantes do historial académico (adopción de medidas de RE, AC, áreas con dificultade, repetición de curso...)

Asdo.....

(Utilizar folla en branco e adxuntar a esta se é necesario expoñer máis datos).



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP de Atín-Cela**  
**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**  
Camiño do Foxo Vello, 7 - 36419 – Cela - Mos.  
Teléfonos: 886110353 – 886110351  
ceip.atin.cela@edu.xunta.gal  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipatincela/>

A Orientadora do C.E.I.P de Atín-Cela, estima oportuno realizar unha valoración ao seu fillo/a, co obxecto de ter máis información para determinar se presenta unha necesidade específica de apoio educativo e poder orientarlle no seu proceso formativo.

D./Dna. \_\_\_\_\_

como pai/nai ou titor/a do alumno/a \_\_\_\_\_

escolarizado/a no curso \_\_\_\_\_ son informado da

intervención do Departamento de Orientación.

Para que así conste, asino a presente en

Mos, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_



O Pai/Nai ou Titor/a

Asdo:



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP de Atín-Cela**  
**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**  
Camiño do Foxo Vello, 7 - 36419 – Cela - Mos.  
Teléfonos: 886110353 – 886110351  
ceip.atin.cela@edu.xunta.gal  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipatincela/>

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### **INFORMACIÓN Á FAMILIA**

Don/a..... nai/pai/titor/a  
do/a alumno/a ....., matriculado no  
curso....., fun informado/a das necesidades educativas que  
presenta o meu fillo/a, e estou dacordo en que se lle apliquen as medidas de  
atención á diversidade de acordo co establecido no Decreto 229/2011, por  
parte da profesora especialista en “*Pedagogía Terapeutica*” e/ou “*Audición e*  
*Linguaxe*”.

- Reforzo pedagóxico.  
Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Reforzo en audición e linguaxe.  
Mestra especialista en Audición e Linguaxe.
- Outras:

Estas medidas levaráanse a cabo dentro do horario escolar.

Mos, a ..... de ..... de .....

O/A pai/nai, ou titor/a legal

(Sinatura)

.....

## 10. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O Plan de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro. Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informa sobre a súa actuación e da previsión para o curso seguinte.

Ao inicio do curso escolar, elaborárase o programa de intervención, propoñendo, no seu caso, as modificacións ao Plan de Atención á Diversidade. As modificacións ao plan non deberían afectar aos aspectos esenciais do mesmo, senón introducir as medidas correctoras oportunas.

A avaliación deste plan realizarase dun xeito continuo e formativo, mediante as reunións do Departamento de Orientación semanais e mensuais, así como a través das reunións semanais dos titores e das trimestrais de avaliación onde se detectarán posibles necesidades de modificación das intervencións.

Como criterios a seguir na avaliación sinalamos:

- Grao de adecuación do Plan Xeral de Atención á Diversidade ás necesidades do noso centro e ás modificacións legislativas.
- Resultados acadados coas intervencións realizadas ou propostas.
- Implicación e coordinación dos distintos elementos implicados: titores, profesores de apoio, equipo directivo, servizos externos...
- Grao de conexión das actividades do Plan Xeral de Atención á Diversidade cos outros plans en funcionamento no centro: Plan de Orientación, Plan de Convivencia, Plan de Acción Titorial...

Quedarán recollidas dentro da memoria do Departamento de Orientación as propostas de mellora para elevar á CCP as modificacións pertinentes.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP de Atín-Cela**  
**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**  
Camiño do Foxo Vello, 7 - 36419 – Cela - Mos.  
Teléfonos: 886110353 – 886110351  
ceip.atin.cela@edu.xunta.gal  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipatincela/>

# PLAN DE APOIO DE AUDICIÓN E LINGUAXE

# PLAN DE APOIO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

## CEIP DE ATÍN-CELA

## CURSO 2022/2023

# **PLAN DE APOIO DE AUDICIÓN E LINGUAXE**

## 1. INTRODUCCIÓN

O presente plan de apoio nace na procura da atención do alumnado do centro que presenta necesidades. Concretamente, dende o ámbito de Audición e linguaxe procurárase o traballo con grupos de alumnado homoxéneo, coa finalidade de proporcionarlle un apoio individual ou grupal, temporal ou permanente, en función das súas características individuais e necesidades específicas. As actuacións levaranse a cabo durante o horario lectivo intervindo dentro das aulas de forma xeral, e de forma puntual, se traballará na aula de AL aspectos moi específicos como alteracións da linguaxe oral.

## 2. ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO POLA ESPECIALISTA

### **Actuacións a nivel xeral:**

- Colaboración co Departamento de Orientación e orientación as familias e profesorado.
- Avaliación, diagnóstico e intervención de todo o alumnado con dificultades de voz, audición, linguaxe e comunicación oral e/ou escrita.
- Actuacións dirixidas a traballar a boa adquisición dunha lectura fluída así como a comprensión lectora.

### **Intervencións indirectas:**

- Colaboración co Departamento de Orientación e cos titores na avaliación, asesoramento e intervención do alumnado con problemas de linguaxe e comunicación.
- Deseño e elaboración de material e actividades de estimulación da linguaxe oral destinadas ao alumnado de educación infantil.
- Orientación e pautas de intervención para o profesorado e as familias. Estas orientacións realizaranse mediante entrevistas individuais e informes individualizados do alumnado que acuda a aula de audición e linguaxe.
- Redacción de informes finais individuais do alumnado que se atende recollendo

a evolución e as adquisicións acadadas.

### **Intervencións directas:**

- Avaliación individualizada de todo o alumnado que recibiu apoio durante o curso escolar para valorar, deste xeito, a súa posible continuidade e as pautas de intervención a levar a cabo o curso seguinte.
- Avaliación e diagnóstico do alumnado que soliciten os titores mediante a folla de derivación que se lle facilitará.
- Intervención preventiva en todos os cursos de infantil mediante o programa de estimulación da linguaxe oral.
- Intervención correctiva, dentro da cal se deseñarán os programas específicos de intervención lingüística para o alumnado que o precise.

### **3. OBXECTIVOS**

#### **Obxectivos xerais:**

- a) Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación, diagnóstico e orientación do alumnado con problemas de fala, voz, audición, linguaxe e comunicación.
- b) Coordinarse cos demais mestres e membros do Departamento de Orientación nas actuacións referidas ó traballo cos alumnos.
- c) Coordinarse con todos os titores e mestres para que exista un intercambio continuado de información no referido ós avances e dificultades do alumnado.
- d) Prestar atención directa ao alumnado que o requira.
- e) Estimular o desenvolvemento da linguaxe e detectar e avaliar posibles dificultades de audición, voz, fala e linguaxe en todo o alumnado.
- f) Proporcionar medios, materiais e recursos axeitados para paliar os posibles desaxustes existentes.
- g) Traballar e intentar atender as dificultades existentes nalgún dos compoñentes da linguaxe.
- h) Desenvolver o correcto uso da linguaxe en diversas situacións comunicativas, especialmente en situacións cotiás.
- i) Proporcionar pautas de intervención e orientacións precisas ás familias e ao profesorado sobre o desenvolvemento da linguaxe oral e escrita.

- j) Coordinarse cós servizos externos ao centro a través de reunións periódicas.

### **Obxectivos específicos.**

Partindo dos anteriores obxectivos xerais e na búsqueda dunha atención individualizada do alumnado con necesidades e dificultades nos compoñentes da linguaxe, nos programas de intervención individuais formularanse obxectivos específicos que serán o punto de partida dos contidos e das actividades a realizar nas intervencións con dito alumnado.

## **4. CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN DO ALUMNADO**

Os criterios de priorización do alumnado que será atendido pola especialista de audición e linguaxe son os seguintes:

- Alumnado obxecto de intervención logopédica no último trimestre do curso pasado.
- Alumnado ACNEAE ou con ACS.
- Prevalecerá ante todo, o criterio de maior gravidade ou dificultade de comunicación.
- Preferencia do alumnado de 6º de infantil e do primeiro ciclo de primaria seguido polo resto de alumnado con problemas de linguaxe e/ou comunicación.
- Priorizarase a atención aos problemas de linguaxe oral (trastornos de fala, linguaxe, voz...) e, en segundo lugar, os de linguaxe escrita.

## **5. METODOLOXÍA DE TRABALLO.**

A metodoloxía empregada na posta en marcha do presente plan, parte dos principios fundamentais de aprendizaxe significativa, individualizada, personalizada e activa. Procurarase que as actividades sexan o máis lúdicas posibles, promovendo a creación e uso de materiais manipulativos e interactivos. Así mesmo, as TIC serán unha ferramenta de traballo diario que posibilitará unha maior motivación de cara a intervención. A coordinación coas titoras será esencial na planificación e programación dos programas de intervención, en vías de seguir unha liña común de traballo para lograr un maior grado de significatividade e éxito nas intervencións.

O alumnado asistirá a aula de xeito individual ou en pequeno grupo, procurando que os grupos non excedan os tres alumnos, para que as sesión sexan operativas. As

intervención directa na aula de AL será na maioría dos casos de media sesión, ampliando o tempo nos casos precisos.

Os principios metodolóxicos dos que partirán as intervencións son:

1. Intervención motivadora e lúdica.
2. Clima de confianza e autoestima, evitando centrar a atención nas dificultades.
3. Materiais adaptados ás posibilidades dos nenos/as, tendo en conta o que pretende traballar o titor d forma xeral.
4. Levar a cabo a intervención tendo en conta a lingua materna do alumnado.
5. Evitar a fatiga e o aburrimiento para que as intervencións sexan efectivas, evitando o rexeitamento ante a mesma.
6. Partir sempre das súas posibilidades, motivacións e centros de interese.
7. Seguir o proceso evolutivo de desenvolvemento da linguaxe de xeito individualizado.
8. Potenciar o uso de metodoloxías activas e participativas.

## 6. COMPETENCIAS CLAVE

A través das diversas intervencións e o traballo interdisciplinar e coordinado, procurarase o desenvolvemento das competencias clave establecidas nas *Recomendacións da Unión Europea do 2018*, e recollidas no recente decreto de currículo o *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación do Currículo na CAG*.

## 7. RECURSOS

### - Recursos materiais.

**De avaliación:** gravadora, probas estandarizadas (RFI, EDAF, TALE), observación directa, etc. –

### **De intervención:**

Compoñente fonolóxico: Memory, oca de praxias, ruleta de fonemas, articulemas, bingos fonéticos.

Compoñente semántico: Borobil, dominó sinónimo-antónimo, trivial semántico.

Compoñente morfosintáctico: material *‘Enséñame a falar’* de GEU, libro móbil, ordenar historias, láminas de Soy Visual.

Compoñente pragmático: láminas de absurdos, comics para falar, traballar as



descricións, o xogo quen e quen.

- **Recursos persoais.**

Internos: titores, especialistas, membros do DO.

Externos: asociacións, gabinetes, EOE, membros que conforman o equipo de atención temperá.

- **Recursos TIC**: Aprendo a leer con Grin, José aprende, Galexia, mundo fonemas, etc.

Compre destacar que a maioría do material empregado será de elaboración propia ou adaptado, xa que permite unha maior aproximación ás necesidades individuais.

## 8. ACTIVIDADES

As actividades serán motivadoras e funcionais, atendendo ás peculiaridades e características individuais. Serán desenvoltas nun clima de confianza e seguridade.

- **Actividades realizadas na aula de AL**: se traballarán aspectos máis específicos da comunicación e a linguaxe. Estas, estarán destinadas a traballar por exemplo, o rotacismo, a boa pronunciación de sinfóns, discriminacións auditiva, etc.
- **Actividades grupais realizadas na aula ordinaria**: enfoque e carácter máis competencial. Principalmente se levarán a cabo talleres de estimulación da linguaxe oral en EI; talleres no 1º ciclo de EP para traballar contidos da área de lingua castelá; intervencións do alumnado con dificultades dentro da súa aula ordinaria.

## 9. TEMPORALIZACIÓN

As intervencións serán desenvoltas en sesións completas de 50 minutos e, nalgúns casos, en medias sesións, quedando a distribución da seguinte forma:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>9.30</b> <b>10.20</b>	1º Aula AL	4º EI PELO	6º EI Aula AL	3º A/B Aula AL	5º EI PELO
<b>10.20</b> <b>11.10</b>	3ºB	4ºEI	3ºB	Obradoiro 2º EP	3ºB

<b>11.10</b> <b>12.00</b>	3ºB	5ºEI PELO	3ºB	6º EI A Aula AL	3ºB
				6º EI B	
<b>12.00</b> <b>12.30</b>	RECREEO				
<b>12.30</b> <b>12.50</b>	Reforzo lector 2º	Reforzo lector 2º	Reforzo lector 2º	6º EI B Lectura PELO	6º EI B
<b>12.50</b> <b>13.40</b>	5ºEI Aula AL	3ºB Aula AL	3ºB		
<b>13.40</b> <b>14.30</b>	3ºB	Coordinación CCP	4º EI	3ºB	Obradoiro 1º EP

## 10. AVALIACIÓN

### Aspectos a avaliar:

- Programas de intervención: avaliaranse os obxectivos (si se acadaron, si foron axeitados...), contidos (validez), materiais, espazos, actividades, dificultades no proceso...
- Alumnado: adquisición dos obxectivos, a súa motivación, participación, actitudes, a superación de dificultades, xeneralización das aprendizaxes...

### Metodoloxía e técnicas de avaliación:

- Avaliación inicial: esencial para identificar as dificultades e necesidades do alumnado. Farase mediante a observación directa, reunións con titores, lectura de informes, etc.
- Avaliación continua: observación sistemática, rexistros das condutas lingüísticas, feedback da familia e profesorado, etc.
- Avaliación final: esencial para valorar todo o realizado durante o curso, permitíndonos reflexionar sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe. Usaremos a observación directa e sistemática, entrevistas, probas estandarizadas, análise de

gravacións, rexistros de condutas lingüísticas, etc.

### **Temporalización da avaliación:**

- Avaliación diagnóstica inicial: realizada ó principio de curso, para detectar as necesidades individuais do alumnado susceptible de intervención.
- Avaliación continua: durante o desenvolvemento do proceso, co obxectivo de incluír as modificacións oportunas.
- Avaliación final: final do proceso de intervención de cada alumno, necesaria para coñecer o grao de consecución dos obxectivos.

### **PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL (PELO)**

Durante o curso 2022 - 2023 levarase a cabo o seguinte programa de estimulación da linguaxe oral destinado a alumnado de educación infantil.

## 1. OBXECTIVOS.

- a) Mellorar a capacidade de discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- b) Potenciar a capacidade de respiración e sopro.
- c) Desenvolver o control da musculatura orofacial.
- d) Incrementar a intención comunicativa do alumnado.
- e) Adquirir un bo desenvolvemento dos compoñentes da linguaxe.
- f) Potenciar a capacidade articulatória.
- g) Mellorar a expresión oral, potenciando as diferentes dimensións da linguaxe.
- h) Favorecer a comprensión oral.
- i) Traballar os prerrequisitos cognitivos e funcións executivas básicas: atención, memoria, concentración, etc.

## 2. CONTIDOS.

- **Discriminación auditiva:** son/silencio, discriminación de fonemas, sílabas, palabras e frases.
- **Memoria auditiva:** que son se repite, que obxecto é o que está soando.
- **Conciencia fonolóxica:** vogais e consoantes.
- **Respiración e sopro:** intensidade, control e direccionalidade.
- **Relaxación.**
- **Articulación de fonemas:** onomatopeias, fonemas consoánticos e vocálicos.
- **Compoñente Léxico-semántico:** vocabulario básico, familias léxicas.
- **Compoñente morfosintáctico:** concordancias, estrutura na frase, orde, verbos axeitados.
- **Compoñente pragmático:** diálogo diario de 5 minutos.
- **Comprensión oral:** ordes, expresións, narracións.
- **Comprensión de vídeos ou lecturas.**

## 3. ACTIVIDADES

As actividades vertebraranse en torno ós centros de interese dos/as nenos/as e en función das necesidades que as titoras detecten e consideren necesarias. Ademais, nas festas de Samaín, Magosto, Navidade, etc. faranse actividades relacionadas con dita temática.

As actividades estarán relacionadas cos contidos e obxectivos sinalados anteriormente e secuenciaranse segundo a súa dificultade.

Os aspectos que se traballaran en todas as sesión serán: praxias, respiración, sopro, atención, memoria, expresión e comprensión oral, imitación xestual e onomatopeias.

#### 4. TEMPORALIZACIÓN

O programa de estimulación levarase a cabo en gran grupo durante 1 sesión semanal de 50 minutos por aula (4º, 5º, 6ºA e 6ºB de EI) dende o mes de setembro ao mes de xuño, ámbolos dous incluídos.

## PLAN DE APOIO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

### 1. Introducción:

A *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro pola que se modifica a Lei 2/2006, do 3 de Maio de Educación (LOMLOE)* establece no artigo 71 que as Administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Así, establécese a **atención á diversidade** como un principio fundamental que debe rexer todo o ensino básico, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha atención axeitada ás súas características e necesidades, procurando que os alumnos/as que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria acaden o máximo desenvolvemento das súas capacidades.

O *Decreto 229/2011, do 7 de Decembro que regula a atención a diversidade* e a Orde do 8 de setembro de 2021 polo que se desenvolve o decreto **defínea** como o conxunto de **medidas** e **accións** que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Destaca a importancia da detección temperá das necesidades educativas específicas do alumnado e de iniciar a súa atención no mesmo momento en que se detecten as necesidades, baixo un enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os todos os profesionais implicados.

Nesta liña, a *LOMLOE* define no artigo 71 ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo como aquel que precisa unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da

lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Ademais, no artigo 73 especifica ao alumnado que presenta necesidades educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves da conduta, da comunicación ou da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe axeitados ao seu desenvolvemento.

Polo tanto, a **finalidade** deste Plan de Apoio é identificar a quen debemos dirixir o proceso de atención á diversidade, como debemos facelo, con que medios persoais e materiais contamos, cando debemos comezar e rematar o proceso e onde debemos levalo a cabo. Polo tanto, é un documento organizativo que emerxe das directrices do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) e do Plan de Orientación Educativa (POE), que recolle una serie de medidas encamiñadas a dar resposta ás necesidades educativas dos alumnos/as na procura da Calidade Educativa. Deberá ser o suficientemente flexible como para poñer a atención nas necesidades educativas que poidan xurdir ó longo do proceso de ensino-aprendizaxe e para elaborar o conxunto de actuacións destinadas a mellorar este proceso.

Polo tanto, este Plan de Apoio contribuirá a facer efectivo o principio de equidade no exercicio do dereito a educación que promove a *LOMLOE*, buscando loitar contra as posibles barreiras que limitan o acceso, presenza, participación e aprendizaxe, asegurando os axustes razoables en cada caso en función das necesidades individuais e prestando o apoio necesario para fomentar o seu máximo desenvolvemento educativo e social, priorizando unha educación

inclusiva.

Para a elaboración do plan é preciso partir das ensinanzas mínimas que se recollen nos decretos que establecen os currículos das diferentes etapas:

**Decreto 150/2022**, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación do currículo da **educación infantil** na Comunidade Autónoma de Galicia

**Decreto 155/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da **educación primaria** na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste curso, a intervención da mestra de PT abranguerá as etapas de educación infantil e educación primaria. De ser preciso, ao longo do curso, estableceranse os axustes necesarios para atender as necesidades que se consideren oportunas dende o Departamento de Orientación.

## **2. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo.**

O alumnado que recibe apoio durante este curso escolar distribúese da seguinte maneira:

- 4º de EI: 1 alumna, 1 horas semanal
- 6º EI A: 2 alumnos/as, 2 horas semanais
- 6º EI B: 3 alumnos/as, 3 horas semanais
- 1º EP: 4 alumnos/as, 4 horas semanais
- 2º EP: 3 alumnos/as, 4 horas semanais
- 3º EP A: 2 alumnos/as, 5 horas semanais
- 4º EP B: 6 alumnos/as, 5 horas semanais



- 6º EP B: 2 alumnos/as, 1 hora semanal.

En principio, ningún alumno/a conta con adaptación curricular significativa.

### **3. Obxectivo xeral**

O obxectivo xeral é que o alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias clave así como os obxectivos propostos para o seu curso así como alcanzar a máxima autonomía para levar a cabo as actividades da vida cotiá.

### **4. Obxectivos específicos**

#### **En relación ao centro:**

- Colaborar co centro na elaboración e posta en práctica do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Colaborar cos titores na detección, prevención e orientación das necesidades do alumnado.
- Participar activamente nas reunións do Departamento de Orientación.
- Servir de nexo de unión entre os distintos mestres/as e especialistas que interveñen cos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Orientar tanto ás familias e titores como ao propio alumno sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Potenciar a inclusión do alumnado con NEAE.
- Detectar e minimizar posibles barreiras que limitan o acceso, presenza participación ou aprendizaxe do alumnado.

#### **En relación ás familias:**

- Establecer contactos periódicos de forma individual ou grupal, co fin de seguir unha liña de acción común.

- Informar e asesorar ás familias dos alumnos con NEAE.
- Fomentar actitudes participativas nas propostas e actividades deseñadas para os nenos/as.
- Colaborar co titor/a na información ás familias.

#### **En relación ao alumnado:**

- Garantir a inclusión social e escolar.
- Potenciar a aprendizaxe das habilidades instrumentais básicas.
- Fomentar actitudes participativas.
- Contribuír ao desenvolvemento da madurez emocional e as habilidades sociais do alumnado.
- Mellorar o autoconcepto e autoestima dos alumnos/as.
- Interiorizar técnicas específicas para a adquisición da lectura, escritura e cálculo.
- Desenvolver os procesos psicolóxicos básicos (atención, percepción, memoria, razoamento...)
- Fomentar o aprendizaxe nas Funcións Executivas Básicas.

### **5. Contidos**

Adequaremos os contidos seleccionados nas programacións ás peculiaridades das diferentes aulas e de xeito especial ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE). Deste xeito, secuenciaremos os contidos de modo flexible para que sexan abordables polo alumnado da aula que presente as NEAE.

A continuación mostramos os contidos xerais extraídos dos obxectivos presentados neste plan de apoio:

- Inclusión social e escolar.
- Habilidades instrumentais básicas.

- Participación
- Educación Emocional e Habilidades Sociais
- Autoconcepto e autoestima
- Procesos da lectoescritura e habilidades matemáticas
- Procesos psicolóxicos básicos (atención, percepción, memoria, razoamento...)
- Funcións Executivas Básicas.

## 6. Competencias clave

Podemos definir as competencia clave como aquelas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa co fin de acadar a realización adecuada de actividades e resolución eficaz de problemas complexos.

Entre as competencias priorizaremos a **competencia en comunicación lingüística** mediante actividades de aprendizaxe cooperativo, fichas de reforzo de comprensión e expresión oral e escrita, escritura creativa, ortografía, búsqueda e procesamento de información, xogos de palabras, frases feitas, contos, seguimento de instrucións.

**Aprender a aprender:** educación en valores, traballo no supermercado, solución de problemas da vida cotiá.

**Competencia matemática:** operacións básicas, abstracción, xogos cooperativos, resolución de problemas, regletas cuisenaire.

Competencia social e cívica: habilidades sociais, relacións sociais, teoría da mente.

## 7. Actuacións por áreas

Para alcanzar os obxectivos propostos e alcanzar a máxima autonomía do alumnado deberase ter en conta os seguintes indicadores:

- Que queremos reforzar: facer fincapé nas técnicas instrumentais básicas como a expresión e comprensión oral e escrita, hábitos de traballo e coñecementos básicos das áreas.
- Quén é/son os responsable/s do reforzo: profesor/a de área, profesorado de apoio, especialistas e familias.
- Onde debemos reforzar: a maior parte dos apoios levaráanse a cabo no contexto da aula ordinaria. Soamente se recurrirá ao apoio fóra da aula cando sexa necesario reforzar contidos xa explicados ou cando o carácter do apoio distorsione o ritmo da aula.
- Cando debemos apoiar: antes, durante e despois das explicación de cada área.
- Como reforzar: en gran grupo, pequeno grupo ou individualmente dependendo do contido dese momento.

Nas áreas das linguas traballarase, principalmente as dificultades na lectoescritura, dificultades ortográficas, conciencia fonolóxica, a semántica, sintaxe e pragmática.

Na área matemática traballarase as operacións básicas, resolución de problemas, seguimento de instrucións, conteo, numeración, seriación.

En todas as áreas traballarase tanto as funcións executivas como os procesos psicolóxicos básicos sen desatender aspectos tan importantes como a autoestima e autoconcepto para lograr o máximo desenvolvemento da autonomía do alumnado.

## 8. Metodoloxía

A metodoloxía é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado para acadar as capacidades recollidas nos obxectivos e nas CC. Para isto, é necesario que o paradigma educacional referente sexa o de “aprender a aprender” e de “aprender facendo” (*recollidos nos decretos do currículo*), o que implica levar a cabo unha aprendizaxe activa e significativa (Ausubel) que se transfira ás situacións da vida real e que implique a resolucións de problemas da vida diaria. Empregaremos un enfoque globalizado, partindo dos intereses do alumnado, do seu nivel de desenvolvemento psicoevolutivo (Piaget) e dos seus coñecementos previos.

Así mesmo, favoreceremos as comunicacións interpersoais e o carácter lúdico das actividades de ensino-aprendizaxe. Partiremos da diversidade da aula e facilitaremos un acceso multisensorial nun contexto educativo que permita unha escola inclusiva.

Deste xeito, para alcanzar a consecución dunha escola inclusiva guiarémonos polos fundamentos do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), buscando superar as barreiras de aprendizaxe que non son inherentes ás capacidades do alumnado e que xorden da interacción dos mesmos cos métodos máis tradicionais do ensino. Para isto, normalizaranse ambientes máis flexibles de aprendizaxe, onde o alumnado teña un papel principal e onde se respecte e axude a coñecer as súas posibilidades e tamén as súas dificultades.

Fomentaremos a implicación das familias no proceso de ensino – aprendizaxe, fomentando entrevistas formais e posibles encontros informais. Estableceremos canles de comunicación continua (a través de axendas, abalar mobil) e fomentaremos a participación e implicación na aprendizaxe dos seus fillos e fillas para unir nunha mesma liña a educación na casa e na escola.

En caso dun posible confinamento, daremos continuidade a intervención e seguimento académico de acordo co horario establecido. Dependendo de cada caso, utilizaremos diferentes estratexias para levalo a cabo:

- Uso de aula virtual ou plataformas dixitais (EDIXGAL)
- Videoconferencias (WEBEX)
- Correo electrónico
- Chamadas telefónicas
- Material impreso

## **9. Temporalización**

O presente plan está deseñado para desenvolverse ó longo do curso académico 2022/2023. A temporalización debe entenderse como un elemento flexible que debe adaptarse ás necesidades e intereses de cada un dos alumnos/as.

Dende o DO planifícase, provisionalmente, un horario concreto dos apoios. Este horario será revisable en función das novas NEE detectadas no centro, dos progresos e da evolución do alumnado, etc. Os apoios necesarios serán, por norma xeral, dentro da aula ordinaria e en caso excepcional na aula de apoio sen exceder a terceira parte da xornada escolar (*Orde do 8 de setembro de 2021*).

Así, os horarios da especialista en PT para o presente curso escolar son os seguintes:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.30 – 10.20	GARDA	1ºEP	1º EP	6º EI B	4º EP B
10.20 – 11.10	4º EP B	4º EP B	6º EI B	3º EP A	3º EP A
11.10 – 12.00	3ºEP A	2º EP	2º EP	6º EP B	6º EI A
12.00 – 12.30	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO
12.30 – 12.50	LER	LER	LER	LER	LER
12.50 – 13.40	2ºEP	3º EP A	2º EP	4º EP B	1º EP
13.40 – 14.25	6ºEI A	6º EI B	3º EP A	1º EP	4º EI

## 10. Actividades

As actividades do plan concréntanse a distintos niveis: centro, Mestres/as, alumnado e familias. Entre elas destacamos:

### **A nivel de centro:**

- Actividades que fomenten a comunicación entre os distintos profesionais que interveñen no proceso de ensino – aprendizaxe do alumnado mediante reunións semanais.
- Deseño de actividades para atender a diversidade, reforzo educativo.
- Sesións informativas para a utilización de recursos.

### **A nivel de profesorado:**

- Proporción de apoio e asesoramento dos procesos de ensino – aprendizaxe e da realidade educativa.
- Asesoramento ao profesorado que o precise sobre metodoloxía a empregar para a prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Participación no deseño e elaboración de medidas de atención a diversidade tanto ordinarias como extraordinarias.
- Intercambio de información entre os distintos profesionais.
- Asistencia as reunións do departamento de orientación así como as da comisión de coordinación pedagóxica e claustro

#### **A nivel de alumnado:**

- Intervención nas sesións de avaliación e nas reunións dos equipos docentes.
- Elaboración dos informes de final de curso.
- Apoio de alumnado segundo as demandas.
- Elaboración e planificación das actividades e materiais.
- Revisión das modalidades de apoio para futuros cursos.

#### **A nivel familiar:**

- Orientación a familias.
- Implicación das familias nas actividades de reforzo e apoio educativo.
- Colaboración cos servizos da zona.



## 11. Recursos

O Decreto 229/2011 e a Orde do 8 de setembro de 2021 establece que as Administracións Educativas asegurarán os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades así como os obxectivos establecidos para todo o alumnado. Tamén, establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas no alumnado.

A continuación, mencionamos os **recursos materiais** que se encontran na aula de apoio e aulas ordinarias, e durante o curso procuraremos a adquisición de materiais de apoio que mellor se axusten as necesidades que se presenten:

Material Impreso-Simbólico: libros de texto, libros de consulta, periódicos, revistas, dicionarios, contos, fichas elaboradas polo profesor...

Material manipulativo: crebacabezas, dominós, xogos de construcións, xogos de encaixe, ábacos, xogos de memorización, xogos e outros materiais para o desenvolvemento rítmico, materiais para representacións teatrais e de mimo, bloques lóxicos, regretas, ábacos, materiais para traballar a motricidade, equilibrio, lateralidade, coordinación, esquema corporal...

Medios visuais e fixos: pizarra, pósters, carteis, fotografías, pictogramas, murais...

Medios informáticos: ordenador, pizarras dixitais, programas informáticos, Internet, tablet, canón de vídeo...

Sobre os **recursos humanos**, contamos con unha especialista en PT, unha especialista en Audición e Linguaxe, a Orientadora, as persoas titoras e as/especialistas así como o profesorado con dispoñibilidade horaria. Destacar que este curso escolar se incorpora ao centro unha auxiliar técnico educativo, que colaborará nas atencións dunha alumna da etapa de educación infantil.

Sobre o **espazo**, destacar o uso das aula ordinarias como recurso principal así como a aula de apoio PT.

## **12. Avaliación**

Nos procesos de avaliación, avaliarase ao alumnado, os procesos de ensino - aprendizaxe e a nosa práctica docente.

Para a avaliación do alumnado partirase do recollido na *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a avaliación en Educación Infantil* e esta será global, continua e formativa; a avaliación en Educación Primaria será global e continua, e terá en conta o progreso no conxunto de áreas e a adquisición das competencias segundo se recolle na *Orde de 9 xuño de 2016 que establece a avaliación na Educación Primaria*. Mencionar que ata a implantación dos novos decretos dos currículos os estándares de aprendizaxe terán un carácter orientativo.

No caso de alumnado con NEAE realizarase, ademais, unha avaliación psicopedagóxica nos casos que se consideren necesarios (de non existir con anterioridade), e terase en conta as conclusións recollidas no informe psicopedagóxico respectivo.

A avaliación levarase a cabo en tres **momentos**:

- Avaliación inicial, a cal nos dará a información das competencias do alumnado polo que nos proporcionará as pautas para definir a nosa intervención.

- Avaliación continua ou formativa, a cal se realizará diariamente co fin de coñecer como aprende cada alumno ou alumna. Este tipo de avaliación permítenos incorporar as medidas de ampliación necesarias e reconducir o proceso de ensino-aprendizaxe.

- Avaliación final ou sumativa, permite valorar o grado de consecución dos obxectivos propostos, tanto do alumnado como do proceso de ensino que faremos reflexionar sobre o traballo obtido.

Utilizaremos diferentes instrumentos de avaliación: observación directa, diario de aula, rúbricas, traballos do alumnado, cuestionarios, portfolio, entrevistas, etc.

No caso de alumnado que curse unha adaptación curricular, os referentes para a súa avaliación serán os recollidos nas mesmas (criterios de avaliación), sen que este feito poda impedirilles a promoción ou a titulación segundo indicacións específicas da recente *LOMLOE*.

A avaliación do alumno/a, realizarase conxuntamente cos mestres das materias obxecto de A.C valorarase o traballo realizado na aula de apoio e na de referencia así como a participación e respecto polos compañeiros/as.

O seguimento do alumno/a realizarase en reunións periódicas co titor/a e cos especialistas, nas sesións de avaliación, en reunións coas familias e revisións constantes das dificultades mais frecuentes e posibles erros.

Ademais, realizaranse informes trimestrais e finais por parte das especialistas en PT onde se recollerá os logros acadados e posibles necesidades atopadas no alumnado.

### **13. Propostas de mellora**

Unha vez rematada a avaliación final do plan de apoio, concretaranse diferentes propostas para ter en conta no vindeiro curso. Algunhas propostas establecidas son a actualización de materiais específicos, formación do profesorado, implantación de talleres e actividades innovadoras para mellorar o proceso de ensino – aprendizaxe, entre outras para levar a cabo unha educación de calidade para todo o alumnado tanto a nivel de centro, profesorado, alumnado e familias.





## ÍNDICE

1. Introdución
2. Fundamentación
3. Obxectivos
4. Organización dos espazos e tempos de lectura
5. Liñas de actuación prioritarias
  
6. Rutinas de lectura. Actividades anuais.
  - a. “Hora de ler”.
  - b. Actividades na hora da biblioteca.
  - c. Actividades de lectura compartida.
  - d. Actividade desde a radio escolar.
7. Recursos humanos.
8. Actividades programadas e temporizadas
9. Ler en familia. Actividades para a implicación das familias
  
10. Seguimento e avaliación



## 1. INTRODUCCIÓN

Elabórase este Plan Anual de Lectura, co fin de concretar as actuacións a realizar neste curso, en base á publicación das [Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares](#) durante o curso 2022/2023

As actividades programadas dende a Biblioteca Escolar, englobanse en torno a tres grandes obxectivos:

- Desenvolver o hábito lector e a escritura creativa.
- Ser eixe vertebrador das actividades didácticas.

As accións que se propoñen, neste documento, perseguen que a biblioteca escolar contribúa ao desenvolvemento destes obxectivos.

A nosa biblioteca debe seguir sendo, o espazo de referencia para a lectura, a información e as aprendizaxes, beneficiando así a toda a comunidade educativa e ofrecendo oportunidades diversas de acceso a información relevante.

## 2. FUNDAMENTACIÓN

Cómpre diferenciar moi ben cales son as funcións específicas da biblioteca escolar no centro. Cada ano é máis urxente poñer toda a enerxía e os recursos da biblioteca escolar ao servizo da formación de lectores e escritores competentes e eficaces (con actividades sistematizadas e integradas na vida cotiá do centro), e de educar as habilidades e destrezas propias da competencia en información, e a estes obxectivos irá destinado o groso da actividade da biblioteca escolar. Coidarase que calquera proposta que se realice reforce ou complete esta formación.



### 3. OBXECTIVOS

- A. Diseñar, asesorar e apoiar actividades para o fomento da lectura, escritura creativa e a expresión oral.
- B. Atender á diversidade de todo o alumnado no que atinxe á accesibilidade, aos recursos dispoñibles, aos equipamentos e ás actividades propostas, para conseguir unha biblioteca máis inclusiva e que procura a compensación das desigualdades sociais.
- C. Promover a colaboración e participación das familias na adquisición de hábitos lectores, e en todas aquelas actividades didácticas que así o requiran.
- D. Facilitar o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades, liderando os cambios metodolóxicos.
- E. Promover programas, tarefas e actividades que dean resposta ás necesidades informativas da comunidade educativa, conforme aos Obxectivos da Axenda 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sustentable.
- F. Promocionar a utilización da biblioteca para a lectura, información e a aprendizaxe, e transformala nun “Centro creativo das aprendizaxes”.
- G. Superar o enfoque da “animación á lectura” e promover a transversalidade da lectura, creando situacións nas que lectoras e lectores se atopen cos contidos culturais que amplíen a súa mirada sobre o mundo e a súa experiencia.

### 4. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS E TEMPOS DE LECTURA

#### 4.1. Espazos de lectura.

Os alumnos e alumnas do noso centro teñen destinados para a lectura os seguintes espazos:

1. A biblioteca escolar: centraliza todo o material informativo que pode empregarse para os traballos escolares e para o tratamento e fomento da lectura (libros, revistas, xornais, mapas, discos DVD,...) é un espazo amplo



é versátil, deseñado tanto para facilitar o traballo de investigación, como para gozar la lectura de ficción. Nel podemos diferenciar tres áreas:

- a) Área de investigación: é un espazo para a creación, a aprendizaxe manipulativa, a investigación, o traballo colaborativo e a construción de coñecemento de xeito compartido, permitindo a realización de talleres, obradoiros e todos os traballos de consulta do alumando.
- b) Área de lectura pracenteira e de actividades de animación lectora: nela o alumnado pode elixir as súas preferencias lectoras de forma sinxela, grazas á recente adaptación da CDU, carteis identificadores de distinta temática visibles nos andéis, colocación dos volumes por orde alfabética para facilitar ás necesidades dos usuarios da biblioteca. Nesta área realízanse, ademais, actividades como lectura compartida, club de lectura, sesións de contacontos e dramatización.
- c) Área de formación: pensada para facilitar os encontros con autores e  
2. ilustradores e a exposición de traballos do alumnado.  
3. ▪ A biblioteca de aula: en función das necesidades fanse préstamos temporais de recursos da biblioteca escolar ás seccións de aula, co fin de que o alumando acceda de forma rápida a eses recursos e facilite a posta en marcha de actividades de dinamización lectora na propia titoría.  
4. ▪ Bibliotecas satélite:
  - a) English library: os libros en inglés están centralizados na aula da especialidade e son emprestados pola mestra especialista en lingua inglesa.
  - b) Biblioteca de música: os libros CD, atópase na aula da especialidade para facilitar o seu uso nas clases de educación musical.
5. ▪ Punto lector: na entrada do colexio, destinado ás familias e alumnado.
6. ▪ Recuncho de xogos: sito no corredor do andar baixo do colexio, conta con espazos habilitados para os xogos de mesa.





#### **4.2. Tempos de lectura.**

- A. Hora de ler: de 12:30 a 12:50.
- B. Hora semanal: todas as aulas poden reservar unha sesión semanal para a utilización da biblioteca escolar, para gozar dos fondos e recursos existentes.

### **5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO**

Establécense dúas liñas de actuación prioritarias dirixidas á formación do alumnado e as que se engloban dentro do concepto de fomento da lectura.

- As dirixidas á formación do alumnado fan referencia a adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu tratamento (o que se coñece como alfabetización informacional).
- As accións que promoven o fomento da lectura son: lectura individuais e compartidas, presentacións de libros, encontros con autores ou ilustradores, clubs de lectura, apadriñamentos lectores ou obradoiros de escritura creativa. Entendendo a lectura nun senso amplo: a lectura para aprender, para facer un resumo, para resolver un problema, para elaborar un traballo; pero tamén a lectura pracenteira, que ten como único obxectivo o gozo do texto literario.

#### **5.1. En relación coa organización e xestión**

- Destínase unha sesión semanal de coordinación en horario de tarde, así como reunións periódicas cos responsables dos outros equipos, para a planificación das actividades programadas. Neste curso estase a celebrar os martes pola tarde.



- Creación dos carnés de usuario para todo o alumnado e profesorado de nova incorporación.
- Volverase a poñer en marcha as mochilas temáticas. Hai unha mochila por nivel, cun tema moi atractivo para o alumnado desa idade (preferentemente elixido por eles). As mochilas incluírán: xogos, películas e libros de consulta (interactivos, con lapelas,...) coa finalidade de que o alumnado poda coñecer e manipular un material didáctico ao que non soen ter fácil acceso.

- Cada aula elixirá unha hora semanal para a utilización da biblioteca.

. Establecerase turnos do equipo para realizar o préstamo nos recreos axudados polo alumnado voluntario.

- Realizar o empréstimo e catalogación mediante o programa Meiga, coa colaboración do alumnado axudante de biblioteca durante as sesións semanais designadas.

- Renovación do Proxecto Lector.

- Expurgo e/ou reparación dos volumes deteriorados.

***5.2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.***

- Reunión a principio de curso co profesorado de nova incorporación, para dar a coñecer os recursos da biblioteca, normas...

- Diseñar actividades para a busca de información, de expresión oral e escrita, que contribúan á mellora das capacidades lectoras do alumnado e a competencia informacional: dramatización de contos, obradoiros , entrevistas a autores, resolución de retos, experimentos científicos...



- Adquirir novos recursos atendendo ás demandas do alumnado e profesorado cara ao enriquecemento do currículo, cubrindo paulatinamente carencias e diversificando os materiais.
- Renovar periodicamente o expositor de novidades para dar a coñecer os novos fondos adquiridos e facer exposicións temáticas en datas sinaladas.
- Colaborar cos demais equipos de dinamización na elaboración do plan anual de actividades complementarias.
- Elaborar propostas didácticas sobre os libros de lectura seleccionados en cada nivel para este curso educativo.
- Información das actividades e recomendacións lectoras a través da páxina web do centro, da mascota e do blog da biblioteca <https://bibliotecadeatin.blogspot.com/>
- Participación e realización de actividades nas conmemoracións destacadas: día da biblioteca, semana da ciencia, día da poesía, semana da prensa, letras galegas.....
- Mochilas temáticas a disposición de todos os cursos dos diferentes niveis.

### ***5.3. En relación coa formación de usuarios e a adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información-competencia dixital)***

- Dar a coñecer ao inicio de curso o espazo físico ao novo alumnado, normas, e códigos para a localización dos fondos de cara a adquisición da competencia informacional.
- Proporcionar formación do Programa Meiga ao novo profesorado e ao alumnado axudante de biblioteca para empréstimo na procura dos recursos dispoñibles do centro.



- Facilitar ao alumnado a utilización de todo tipo de soportes para o acceso á información e o seu tratamento.

Participación nos cursos de participación Koha.

#### **5.4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro.**

- Diseñar e coordinar, xunto cos demais equipos de dinamización, actividades de animación á lectura, á escritura e busca de información: contacontos entre o alumnado, apadriñamentos lectores, encontros con autores/ilustradores, obradoiro de poesía, kamishibai, exposicións temáticas, caixa do correo para suxestións e preguntas da mascota da biblioteca, entre outras.
- Implicar ás familias poñendo á súa disposición os recursos da biblioteca, solicitando a súa colaboración para desenvolver as actividades propostas dentro do Centro, co fin de potenciar a lectura e a formación tamén desde o fogar.
- Realizar trimestralmente, boletíns informativos con recomendacións lectoras destinados a toda a comunidade educativa, que se publicarán no blog e se achegarán ás familias a través do Abalar móbil.
- Promover o uso da biblioteca como espazo para o traballo cooperativo no ámbito documental.
- Informar ás familias a través da páxina web, blog da biblioteca e do Abalar móbil, das actividades promovidas pola biblioteca escolar.
- Elaborar enquisas para familias, profesorado e alumnado co fin de avaliar o funcionamento da biblioteca e como instrumento para mellorar a nosa organización e proposta de actividades.

#### **5.5. En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.**

- Continuar coa sinalización das dependencias do colexio e dos andeis da biblioteca con pictogramas, para facilitar a comprensión por parte de todo o alumnado.



- Incrementar os materiais adaptados, libros sobre igualdade, emocións, valores, necesidades educativas especiais, contos con pictogramas, etc., para contribuír ao seu coñecemento e a paliar posibles desigualdades.
- Seguir co empréstamo de verán, para que dispoñan dos fondos durante máis tempo.

## 6. RUTINAS - ACTIVIDADES ANUAIS

### **6.1. "Hora de ler"**

Todos os cursos de Educación Infantil e Primaria teñen reservados no seu horario vinte cinco minutos diarios destinados á hora de ler.

Cada nivel/etapa adaptará e distribuirá as sesións destinadas a "hora de ler" tendo en conta as súas necesidades: lectura libre, dramatización, expresión oral, lectura colectiva, etc.

Nesta sesión empréganse libros propios do alumnado, da biblioteca escolar ou de aula.

### **6.2. Actividades na hora de biblioteca**

As actividades que os diferentes grupos desenvolven na sesión semanal de visita a biblioteca son diversas, entre elas atopamos: empréstamo e devolución de libros da biblioteca, contacontos das familias, obradoiros (de costura, papiroflexia, etc) ou traballos de investigación.

### **6.3. Actividades de lectura compartida**

Apadriñamento lector: durante a semana do libro o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º farán de madriñas e padriños lectores aos compañeiros/as dos cursos inferiores de Primaria e de Infantil.



Preparación de contos dramatizados polo alumnado de terceiro ciclo, que posteriormente representa ao alumnado de Educación Infantil e primeiro e segundo ciclo de EP.

#### **6.4. Actividades desde a Radio Escolar**

A nosa biblioteca conta cunha radio que se utiliza ao longo do curso para: realización de programas especiais, o día do cambio climático, o do Día de Rosalía, concursos musicais e comunicación de distintas novas....

O Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar, colaborará estreitamente co EDLG para promover o seu uso e sacar o máximo partido as instalacións das que dispoñemos.

### **7. RECURSOS HUMANOS**

▪ **EQUIPO DE BIBLIOTECA**, conta cunha hora de coordinación semanal, na actualidade este equipo está formado por:

-M<sup>a</sup> Jesús Suárez Souto (Representante do 2<sup>o</sup> ciclo de EP, 4 sesións semanais de dedicación)

-Lucía Rodríguez Campello (representante de EI, 1 sesión semanal de dedicación)

-Nair Freiría Alonso (representante de EI, 1 sesión semanal de dedicación)

-Alicia Ucha Durán (representante do 3<sup>o</sup> ciclo de EP, 1 sesión semanal de dedicación)

-Ana Belén Framiñán Quintero ( Especialista A.L)

-Begoña Vila Pérez( Relixión, 1 sesión semanal de dedicación)

-Montserrat Gil Vilariño (Apoio lingua extranxeira)

### **8.ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS**



<b>1º TRIMESTRE</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Constitución do equipo de biblioteca.</li> <li>- Plan Anual de Lectura.</li> <li>- Recollida do préstamo de verán</li> <li>- Formación de usuarios: profesorado e axudantes de biblioteca.</li> <li>- Elaboración de todo o colexio dun marcapáxinas.</li> <li>- Carnés do alumnado e profesorado de nova incorporación.</li> <li>- Mochilas temáticas.</li> </ul>	<b>SETEMBRO</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Semana matemática: obradoiros matemáticos</li> <li>- Día da biblioteca escolar: actividades conmemorativas.</li> <li>-Mochilas temáticas: inicio do empréstamo.</li> </ul>	<b>OUTUBRO</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Samaín: Concurso de microrrelatos de medo. Exposición temática. O monstro comemedos.</li> <li>- Magosto: exposición temática. Xogos populares.</li> <li>- Semana da Ciencia: Feira científica. Exposición temática.</li> <li>- Día Internacional contra a violencia de xénero: charla educativa.</li> </ul>	<b>NO VEMBRO</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concurso da radio escolar.</li> <li>- Día Internacional das persoas con discapacidade: obradoiro de integración.</li> <li>- Recomendacións lectoras do primeiro trimestre.</li> </ul>	<b>DECEMBRO</b>



## 2º TRIMESTRE

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Día Escolar da Non Violencia e a Paz: acto conmemorativo.</li> </ul>	XANEI -RO
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Maleta de banda deseñada: do 4 ao 25 de febreiro.</li> <li>- Cartas de amizade (día da Candeloria e S. Valentín).</li> <li>- Obradoiros de papiroflexia para realizar sobres de cartas.</li> <li>- Lembrando a Rosalía na radio escolar.</li> <li>- Coplas de Entroido: elaboradas polo alumnado.</li> </ul>	FEBREIRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Maleta de lectura e diversidade: do 25 de febreiro ao 25 de marzo.</li> <li>- Día contra a discriminación: lectura e comentario dos libros da “maleta de lectura e diversidade”.</li> <li>- Semana da prensa: Novas de Atín.</li> <li>- Día internacional da muller: charla didáctica.</li> <li>- Maleta de poesía de primaria: 18 de marzo ao 8 de abril.</li> <li>- Día Mundial da Poesía: “Intercambios poéticos” e lecturas da maleta de poesía.</li> <li>- Recomendacións lectoras do segundo trimestre.</li> </ul>	MARZO





## 3º TRIMESTRE

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Semana do libro: Apadriñamento lector. Dramatizacións de contos do alumnado do terceiro ciclo.</li> <li>- Maleta Biblioteca Creativa</li> <li>- Día Mundial da Creatividade e a Innovación: lectura e comentario dos libros incluídos na Maleta Biblioteca Creativa.</li> <li>- Encontros con autores e ilustradores: visitará o noso centro a autora María Canosa e o ilustrador Víctor Rivas.</li> </ul>	<p>ABRIL</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Día Internacional contra o Acoso Escolar: Charla educativa.</li> <li>- Maleta familias de primaria: do 6 de maio ao 3 de xuño</li> <li>- Día Internacional das familias: lectura e traballo cos libros incluídos na “Maleta das familias de primaria”</li> <li>- Semana das Letras Galegas: “Coñecendo a Francisco Fernández del Riego” .</li> </ul>	<p>MAIO</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mochilas temáticas: enquisa e valoración dos resultados.</li> <li>- Valoración funcionamento da biblioteca: enquisa ás familias.</li> </ul>	<p>XUÑO</p>



## 9. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

Compre abordar o tema da lectura ao comezo do curso, na reunión xeral, para que as familias tomen conciencia da importancia de ser modelos de conduta neste aspecto. Aconsellarase que dediquen un tempo a ler en familia, pero de xeito que a lectura resulte un acto pracenteiro, lendo aos seus fillos/as antes de durmir e tendo en conta as súas eleccións

A “mochila temática” é unha das actividades promovidas pola biblioteca escolar que pode ser compartida en familia e comprométeos no coidado do material e no tempo de devolución.

Proporase novamente que fagan de Contacontos por un día na biblioteca. Actividade que tivo moi boa acollida por parte de toda a comunidade educativa. Porase a súa disposición os fondos da biblioteca.

## 10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación será permanente ao longo do curso, introducándose as modificacións necesarias co fin de garantir o mellor funcionamento.

Levaranse a cabo as seguintes avaliacións:

- Avaliación inicial tendo en conta as conclusións recollidas na memoria do curso anterior.
- Avaliarase a realización de cada actividade a medida que se vaian realizando, valorando en cada caso a súa continuidade no próximo curso.
- A avaliación final farase no último trimestre, e quedará recollida na memoria.

Os criterios a avaliar serán:

- Consecución dos obxectivos fixados no plan anual.
- Grao de participación e satisfacción no desenvolvemento das actividades.
- Temporalización adecuada.
- Valoración da hora de ler.



- Implicación das familias e do contorno.
- Dificultades de execución e aspectos a mellorar.

Como instrumentos para a avaliación servíronos de:

- Cuestionario de valoración das mochilas temáticas.
- Suxestións depositadas na caixa do correo da biblioteca.
- Enquisas realizadas ao profesorado e alumnado.
- Estatísticas de datos de lectores e préstamos do programa Meiga.

# Calendario actividades ” Atinando Recordos”



## SEPTIEMBRE

L	M	X	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

## OCTUBRE

L	M	X	J	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

## NOVIEMBRE

L	M	X	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

## DICIEMBRE

L	M	X	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

## ENERO

L	M	X	J	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

## FEBRERO

L	M	X	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28				

## MARZO

L	M	X	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

## ABRIL

L	M	X	J	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

## MAYO

L	M	X	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

## JUNIO

L	M	X	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

## JULIO

L	M	X	J	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

## AGOSTO

L	M	X	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

# Calendario actividades ” Añinando Recordos”



- **21 de setembro:** charla no colexio cos nenos para explicarlles o proxecto ( só técnicos)
- **28 de outubro (defuntos):** actividade de reminiscencia sobre o día (Samain/defuntos) xogo tipo pasapalabra.
- **11 de novembro:** usuarios de Afaga invitados o magosto
- **21 de novembro DIA DO NENO:** actividade con fotos de cando eran pequenos. historia da infancia
- **19 de decembro DIA DA EMIGRACIÓN:** historias dos usuarios emigrantes, historias de nenos emigrantes.
- **30 de xaneiro DIA DO MAGO.** opción de unha actuación dun mago
- **16 de febreiro ENTROIDO:** taller de cociña con receitas de entroido//disfrazados coas normas do meco.
- **17 de febreiro:** usuarios de Afaga invitados a festa do entroido no colexio// levamos o noso meco para queimar.
- **8 de marzo. DIA DA MULLER:** unirmos as propostas dos concellos Mos e Porriño. propostas bufanda xigante/ bandeiras para colocar Nas Angustias con lemas...
- **13 de abril:** intentar ir a unha panadaría a facer un roscón. se non pode ser que un panadeiro veña o colexio.
- **16 de maio LETRAS GALEGAS:** actividade relacionada co escritor adicado.
- **12 de xuño:** festa de fin de curso.

---

# **FE DE** **ERRATAS**

---

Programación

Xeral

Anual

2022-23

---



---

ACTAS DO  
CLAUSTRO  
E  
CONSELLO  
ESCOLAR

---

Programación Xeral  
Anual 2022-23

---



**ACTA** da reunión ordinaria do **CLAUSTRO** do CEIP de Atín-Cela celebrada o día **25 outubro de 2022**, ás 16:30 horas.

<b>INTEGRANTES</b>		
Vanessa Calviño Carballo Karina Barciela Carrera M <sup>a</sup> Luísa Giráldez Martínez Nair Freiría Alonso Lucía Elena Rodríguez Campello Paula Freijeiro Baqueiro Rocío Estévez González	M <sup>a</sup> Jesús Suárez Souto Carmen Grande Freire Estefanía Puga Carrera María Dolores Rodríguez Salas Alicia Ucha Durán Camila Vila Vila Natalia Dacuña Amoedo Victoria Pérez Rodríguez	Eduardo Alonso Rodríguez Begoña Vila Pérez Rosa M <sup>a</sup> Fdez. Berceruelo Montserrat Gil Vilarinho Laura Escudero Pereira Elisabeth Castro Alonso Ana Belén Framiñan Quinteiro Tatiana Acuña Díaz Fernando López Riveiro

**ASISTENTES:** Todos os membros do claustro agás dona Vanessa Calviño Carballo e dona Camila Vila Vila substituída por dona Tatiana Acuña Díaz.

### **ORDE DO DÍA:**

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Presentación da PXA para a súa aprobación.

### **DESENVOLVEMENTO:**

#### **1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**

A Directora procede á lectura da acta anterior, que queda aprobada por unanimidade e sen alegacións.

#### **2.- Presentación da PXA para a súa aprobación.**

A Directora fai unha observación sobre a PXA. Achega un documento a todo claustro dun texto que non está incluído na PXA entregada en días anteriores para a súa lectura aportado pola coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega.

Na páxina 10 no apartado de **MEDIDAS E RECURSOS DE EDLG**, incluír:

- Transmitir información sobre as iniciativas arredor da LG que vaian xurdindo de diferentes entidades.
- Empregar o Recurso da Radio Escolar como ferramenta motivadora para seguir mellorando a competencia Lingüística en L G.

Ademais, na páxina 27 se engade o seguinte texto:

Dadas as necesidades da aula de Educación Infantil 3 anos, existe a figura de coidadora a tempo total e o apoio da especialista da ONCE dous días á semana.

Os citados textos quedan aprobados por unanimidade e sen alegacións.

A PXA queda aprobada por unanimidade e sen alegacións.


E sen máis asuntos que tratar, e sendo ás 18 horas, remata esta sesión da que como secretaria dou fe e subscribo.

Vº e prace da Directora




Dna. Rosa Mª Fernández Berceruelo.

A Secretaria

P. A 

Vanessa Calviño Carballo



**ACTA** da reunión ordinaria do **CONSELLO ESCOLAR** do CEIP de Atín-  
Cela celebrada o día **25 de outubro de 2022**, ás 18:30 horas.

<b>INTEGRANTES</b>		
Rosa M <sup>o</sup> Fernández Berceruelo Camila Vila Vila Vanessa Calviño Carballo Karina Barciela Carrera Estefanía Puga Carrera	Begoña Vila Pérez Victoria Pérez Rodríguez Gabriela Laura Martínez Pérez Lucía Currás Rivas	M <sup>a</sup> Carmen Cea Neira. Estrella Pichel Alonso Julia Loureiro Campo

**ASISTENTES:** Todos os membros do Consello agás dona Camila Vila Vila, dona Vanessa Calviño Carballo e dona Julia Loureiro Campo sendo substituída por dona Raquel Monzón Otero.

### **ORDE DO DÍA:**

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**
- 2. Presentación da PXA para a súa aprobación.**
- 3. Solicitude de uso das instalacións para realización de actividades extraescolares**
- 4. Rogos e preguntas**

### **DESENVOLVEMENTO:**

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**

A Directora procede á lectura da acta anterior que se aproba por unanimidade e sen alegacións.

- 2. Presentación da PXA para a súa aprobación.**

A Directora explica os cambios na composición do Consello Escolar. Saen:

Dona Rita Madarnás Rivera que xa non pertence ao claustro e dona Luisa Giráldez Martínez, deixa de ser nai dunha alumna do centro.

Explícase tamén que nos anos de eleccións non entran reservas a cubrir as baixas e se cobren mediante votación polo período de tempo que lle quedase a praza que se vai cubrir.

A Directora fai unha observación sobre a PXA. Entrega un documento a todo **Consello Escolar** dun texto que non está incluído na PXA entregada en días

anteriores para a súa lectura aportado pola coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega.

Na páxina 10 no apartado de MEDIDAS E RECURSOS DE EDLG, incluír:

- Transmitir información sobre as iniciativas arredor da LG que vaian xurdindo de diferentes entidades.
- Empregar o Recurso da Radio Escolar como ferramenta motivadora para seguir mellorando a competencia Lingüística en L G.

Ademais, na páxina 27 se engade o seguinte texto:

Dadas as necesidades da aula de Educación Infantil 3 anos, existe a figura de coidadora a tempo total e o apoio da especialista da ONCE dous días á semana.

Os citados textos quedan aprobados por unanimidade e sen alegacións.

### **3. Solicitude de uso das instalacións para realización de actividades extraescolares**

Solicítase a aprobación do Consello Escolar para o uso das instalacións do centro para realizar ditas actividades.

A solicitude é aprobada por unanimidade e sen alegacións dos presentes.


### **4. Rogos e preguntas**

Dona M<sup>a</sup> Carmen Cea Neira realiza unha pregunta sobre o funcionamento da fonte do patio. Acórdase que será regulada para o seu uso con máis facilidade. Pregunta polas axudas de comedor da Xunta e dona Raquel Monzón Otero responde que a solicitude debe facela a ANPA e que inclúe ademais outro tipo de axudas. Por último realiza unha observación sobre o elevado custo dos libros de texto. A Directora indica que os libros subiron moito de prezo. É importante ter en conta a calidade dos mesmos. Algúns libros foron cambiados pensando nun custo máis razoable para as familias.

Dona Gabriela Laura Martínez Pérez pregunta á representante do Concello polas excursións da neve en 6º e a de surf en 5º. Dona Raquel Monzón Otero contesta que a da neve valorarase. A saída de surf levarase a cabo.


E sen máis asuntos que tratar e sendo ás 19:30 horas, remata esta sesión da que como secretaria dou fe e subscribo.

Vº e prace do Director



Dna. Rosa Mª Fernández Berceruelo

A Secretaria

P.A. 

Vanessa Calviño Carballo



	XUNTA DE GALICIA	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
CEIP ATÍN - CELA MÓS (PONTEVEDRA)		
<b>SAÍDA</b>		
NÚM	878	
DATA	2/11/2022	

Este documento foi redactado polo Equipo Directivo do CEIP Atín-Cela.

A Directora



Rosa Mª Fernández Berceruelo

A Xefa de Estudos



Camila Vila Vila

En Atín, a 28 de outubro de 2022

